

PERANTE O XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 4 DE OURENSE

*Oposición á medida cautelar solicitada pola
representación do solicitante do concurso e
Solicitud de Medidas Cautelares e outras*

Concurso Ordinario: 1337/2009

Alba Arrizado Mosqueira, letrada colexiada ICA Lugo nº 1716, con enderezo a efectos de notificacións na vila de Verín, Sindicato Confederación Intersindical Galega, Rúa Doutor Pedro González nº 5-1º, CP 32600, do concello de Verín (Ourense); no nome e representación dos traballadores e traballadoras da sociedade Vidreira do Atlántico, S.A. que se relacionan:

- 1º.- **JOSÉ MANUEL ARAUJO RODRÍGUEZ**, con DI 44.457.001-W.
- 2º.- **CHRISTIAN ARMESTO FEIJOO**, con DI 44.473.155-X.
- 3º.- **CELSO BARGE VELOSO**, con DI 34.922.596-V.
- 4º.- **MANUEL JOSÉ BARREIRO RODRÍGUEZ**, con DI 34.927558-B.
- 5º.- **SUSANA BLANCO CERRADELO**, con DI 44.475.597-Z.
- 6º.- **JOSÉ RAMÓN BOAN GONZÁLEZ**, con DI 34.993.681-D.
- 7º.- **CLAUDIO CABALLERO MÉNDEZ**, con DI 08.924.722-D.
- 8º.- **MARCOS CANEDA MARTÍNEZ**, con DI 44.482.141-A.
- 9º.- **SONIA CASAS BAILÓN**, con DI 44.464.432-G.
- 10º.- **SIXTO CERREDELO MARRA**, con DI 76.726.554-A
- 11º.- **MANUEL CID PÉREZ**, con DI 44.484.707-Q
- 12º.- **MARÍA DEL CARMEN COSTA LOUREIRO**, con DI 76.904.994-D.
- 13º.- **MODESTO CUQUEJO COBELAS**, con DI 34.991.958-B.
- 14º.- **MANUEL DACAL OPAZO**, con DI 44.463.082-B.
- 15º.- **MARÍA DEL CARMEN ESTÉVEZ BARGE**, con DI 76.715.162-L.
- 16º.- **MARÍA ELENA FERNÁNDEZ BARREIRO**, con DI 76.726.921-W.
- 17º.- **JOSÉ LUIS FERREIRA DOMÍNGUEZ**, con DI 36.102.407-C.
- 18º.- **ÓSCAR GARRES CUQUEJO**, con DI 44.464.433-M.
- 19º.- **PABLO JORGE GARRIDO AGAPITO**, con DI 76.728.248-H.
- 20º.- **DAVID GESTOSO DELGADO**, con DI 44.454.910-G
- 21º.- **MARÍA JOSEFA GÓMEZ CUQUEJO**, con DI 76.775.172-E.
- 22º.- **DAVID GÓMEZ RODRÍGUEZ**, con DI 44.451.677-Z.
- 23º.- **JOSEFINA GONÇALVES DOS SANTOS**, con DI 44.470.055-S.
- 24º.- **JOSEFA GRANDE NÓVOA**, con DI 34.937.276-T.
- 25º.- **MARÍA DEL SOL LAMA CASARES**, con DI 34.945.162-C.
- 26º.- **LUIS LÓPEZ JOGA**, con DI 76.717.320-S.
- 27º.- **GONZALO LÓPEZ RODRÍGUEZ**, con DI 34.929.953-Z.
- 28º.- **ANTONIO LÓPEZ VILLARINO**, con DI 34.966.050-R.
- 29º.- **MIGUEL ANGEL MARTÍNEZ MARTÍNEZ**, con DI 34.981.390-T.
- 30º.- **CAMILO MARTÍNEZ MÉNDEZ**, con DI 34.971.361-E.
- 31º.- **ROSA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ**, con DI 34.995.156-N.
- 32º.- **MARÍA ANGELES MAUS PÉREZ**, con DI 76.719.546-X.
- 33º.- **RUTH MERA NAVAS**, con DI 76.725.189-H.
- 34º.- **JULIA MORÁN CAMPELO**, con DI 34.935.167-F.
- 35º.- **MARÍA DEL PILAR NIETO IGLESIAS**, con DI 76.706.707-M.
- 36º.- **MARTÍN OTERO OTERO**, con DI 44.493.345-Y.
- 37º.- **MARÍA MAR PATRICIO NOVOA**, con DI 34.946.906-Q.
- 38º.- **ÁNGEL PEÑA SÁNCHEZ**, con DI 43.538.680-W.
- 39º.- **ANTONIO PÉREZ SAMBREIJOME**, con DI 76.775.589-W.
- 40º.- **NABOR QUINTAIROS SANMAMED**, con DI 34.726.575-W.

- 41º.- **ROBERTO QUINTAS AUGUSTO**, con DI 44.480.131-V.
42º.- **ÁNGEL QUINTAS GONZÁLEZ**, con DI 44.454.545-F.
43º.- **JOSÉ FRANCISCO QUINTAS SANMAMED**, con DI 34.945.255-K.
44º.- **MARCOS RAMOS GALVÁN**, con DI 76.712.319-M.
45º.- **JOSÉ LUIS RIBO FREIRE**, con DI 34.921.144-Z.
46º.- **FRANCISCO RODRÍGUEZ ATANES**, con DI 34.981.974-D.
47º.- **MARÍA ELDA RODRÍGUEZ CUQUEJO**, con DI 34.941.000-K.
48º.- **JOSÉ RODRÍGUEZ CAMIÑA**, con DI 34.962.846-V.
49º.- **RUBÉN RODRÍGUEZ DÍAZ**, con DI 76.725.475-M.
50º.- **MARÍA AURORA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ**, con DI 44.448.748-Y.
51º.- **EVA RODRÍGUEZ LAMA**, con DI 34.936.618-D.
52º.- **MARISOL RODRÍGUEZ LORENZO**, con DI 76.712.974-Q.
53º.- **JOSÉ RAMÓN RODRÍGUEZ PRIETO**, con DI 36.006.740-X.
54º.- **DIEGO RUBÍN DACOSTA**, con DI 44.466.171-H.
55º.- **SERAFINA RUÍDO JOGA**, con DI 34.948.741-B.
56º.- **LUIS MANUEL SANTANA BARREIRO**, con DI 34.977.455-K.
57º.- **JUAN RAMÓN SIEIRO OPAZO**, con DI 76.712.744-Q.
58º.- **AMADEO VALENCIA DEVESA**, con DI 76.717.429-D.
59º.- **PLÁCIDO VALENCIA RODRÍGUEZ**, con DI 34.990.777-A.
60º.- **ANGEL VALES FERREIRO**, con DI 34.914.907-X.
61º.- **FRANCISCO VÁZQUEZ CASAL**, con DI 34.959.048-Z.
62º.- **FRANCISCO VECINO ORTIGUEIRA**, con DI 76.848.422-V.
63º.- **ROSA MARÍA VÁZQUEZ OTERO**, con DI 34.966.222-N.
64º.- **DANIEL VECINO SUÁREZ**, con DI 36.133.027-G.
65º.- **FRANCISCO JAVIER VECINO SUÁREZ**, con DI 36.133.026-A.
66º.- **MARCOS VILLARINO NOGUEIRAS**, con DI 76.731.774-W.
67º.- **BEATRIZ GARCÍA GÓMEZ**, con DI 44.466.762-B.
68º.- **ANA MARÍA GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ**, con DI 34.998.740-P.
69º.- **JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ**, con DI 76.717.265-Y.
70º.- **RUBÉN RODRÍGUEZ GÁNDARA**, con DI 76.726.946-G.
71º.- **JOSÉ MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ**, con DI 44.446.225-J.
72º.- **ALBERTO SUEIRO CASADO**, con DI 78.877.200-B.
73º.- **DORINDA VILLAR LOZANO**, con DI 76708.360-W.

Perante o **Xulgado de 1ª Instancia nº 4 de Ourense** comparezo e, como mellor proceda, **DIGO**:

Que, a meio do presente escrito, tras terse solicitado ao Xulgado, pola representación da empresa en concurso, a **ADOPCIÓN DUNHA MEDIDA CAUTELAR**, consistente no valeirado e paralización do forno de fusión da compañía limiá, formulo, no marco desa solicitude **OPOSICIÓN** á mesma, así como **SOLICITUDE de ADOPCIÓN de MEDIDAS CAUTELARES e OUTRAS ACCIÓNS XUDICIAIS**, en base aos seguintes,

ANTECEDENTES:

I.- O 18 de Xuño do 2008 o Grupo BA mercou Vidreira do Atlántico, S.A. (VA, S.A.) ao Grupo Sotancro.

II.- Tras a citada merca, o 10 de xullo de 2008, constituíuse a Comisión negociadora do Convenio Colectivo da patronal "Vidriera del Altántico, S.A.", de Xinzo da Limia.

Na devandita xuntanza sinalouse expresamente que *"ambas partes (traballadores e dirección patronal) teñen intención de levar a cabo a negociación dun Convenio propio para a empresa Vidreira del Atlántico, para o seu*

centro de traballo sito na localidade de Xinzo da Limia (Ourense) no que se regulen as condicións laborais dos traballadores/as”.

Desde o indicado día deca o mes de setembro, celebráronse diversas reunións negociadoras, nas que o Comité de empresa apresentou unha proposta básica para negociación colectiva; sen que dita proposta fose respostada pola mercantil e sen que se acadase acordo algún ao respecto.

A partires dese momento, a empresa xerou unha serie de problemas relacionados coas relacións laborais que se poderían resumir nos seguintes:

- Suspensión indefinida da negociación colectiva imposta de feito, a medio da adución de medidas unilaterais e á marxe da mesma atentatorias contra o dereito á liberdade sindical (supresión do plus de actividade á totalidade do cadro de persoal da empresa a partires do mes de novembro de 2008, sendo o importe mensual aproximado de dito plus, percibido por cada traballador, a contía de 250 euros).
- Represión disciplinaria contra traballadoras/os que tiñan sufrido sinistros laborais, derivados das deficientes condicións de seguridade, debidamente denunciadas polos Delegados de Prevención de Riscos Laborais diante da dirección patronal, a medio de cadanseus informes.
- Mantemento de condicións infralegais a grande parte do cadro de persoal, asignándolle categorías profesionais non acordadas cos labores que na práctica se desenvolven.

III.- O 3 de Decembro do 2008 a Dirección do Grupo BA abriu un procedemento colectivo de modificación substancial das condicións de traballo, dirixido a recurtar os salarios do cadro de persoal da VA, S.A., en 500.000 euros ano.

IV.- O 30 de Decembro do 2008, tras varios intentos e xestións dirixidas a atopar solucións dialogadas aos problemas criados e, sendo a resposta obtida a imposición unilateral de medidas á marxe do dereito á negociación colectiva e liberdade sindical, a ameaza de peche da empresa e a perda dos postos de traballo; o Comité de Empresa, abeirándose no disposto no artigo 28 da Constitución española, en relación co preceptuado no RD 17/1977, de 4 de marzo sobre relacións do traballo, acordou **CONVOCAR FOLGA XERAL** en todos os servizos e dependencias da empresa VIDREIRA DO ATLÁNTICO, S.A. (centro de Xinzo da Limia) a celebrar nas seguintes datas:

- 1ª quenda: de xeito continuado desde as 22.00 horas do día 11 de xaneiro de 2009 (domingo) até as 6.00 horas do día 13 de xaneiro de 2009 (martes).
- 2ª quenda: de xeito continuado desde as 22.00 horas do día 25 de xaneiro de 2009 (domingo) até as 6.00 hoas do día 27 de xaneiro de 2009 (martes).
- 3ª quenda: de xeito continuado, desde as 22.00 horas do día 8 de febreiro de 2009 (domingo) até as 6.00 horas do día 10 de febreiro de 2009 (martes).

V.- O 31 de Decembro do 2008 a Dirección da empresa advertiu ao Comité de Empresa que o Grupo BA deixaría de inxectar liquidez na VA, S.A. e ameazou, verbalmente, co peche da factoría de Xinzo por: falta de financiamento, problemas enerxéticos e falta de terreos. Literalmente:

“Se informa al Comité de Empresa de Vidriera del Atlántico, S.A. que, debido a graves problemas de Tesorería y Financiación, no ha sido posible atender las obligaciones de pago de la Sociedad, lo que ha significado que a fecha de hoy sólo haya sido posible abonar parte de la nómina correspondiente al mes de diciembre, esperando que todos estos problemas se puedan ver solucionados en breve. También les comunicamos que se les informará de todo lo que ocurra en adelante”.

VI.- O mesmo 31 de decembro de 2008, Fernando Amilivia, Director de Recursos Humanos do Grupo BA Vidrio, S.A., en conversa mantida con Manoel Anxo García Torres, membro do Comité de Folga e Secretario de Organización da CIG, comunicoulle que o motivo polo que decidiran non abonar a totalidade dos salarios de Decembro, tiña a ver con que o Grupo BA Vidrio, ao contrario do sucedido até ese momento, decidira deixar de inxectar liquidez para facer fronte ás nóminas dos traballadores a causa da situación de conflitividade laboral pola que atravesaba o centro de Xinzo da Limia.

Igualmente, Fernando Amilivia propúxolle ao citado representante do Comité de Folga a celebración dunha xuntanza o día 5 de xaneiro de 2009, antes do acto de mediación, previsto para o día 8 de xaneiro de 2009, coa Delegada Provincial da Consellaría de Trballo de Ourense, e que tiña sido solicitado polo Comité de Folga.

VII.- En data 5 de xaneiro de 2009 tivo lugar a reunión indicada no punto anterior, entre o Comité de Folga e varios membros da dirección da empresa Vidreira do Atlántico, a saber: Fernando Amilivia González, Director de Recursos Humanos, Rafael Corzo Pantoja, Director operativo do Grupo empresarial BA Vidro, S.A. e Jorge Alexandre Tavarés Ferreira, Presidente do Grupo empresarial BA, S.A.

Na citada xuntanza, os nomeados directivos ratificaron a versión ofrecida o día 31 de decembro de 2008, por Fernando Amilivia, a respecto das razóns da falla de pagamento salarial do mes de decembro.

Á luz do exposto, os representantes dos traballadores requiriron á patronal para que procedesen ao pagamento dos salarios non abonados antes do día 11 de xaneiro de 2009, data prevista para o inicio da primeira xeira da folga.

Cumprindo coa advertencia realizada, a patronal deixou de ingresar máis do 80% das retribucións correspondentes á mensualidade de Decembro de 2008, da totalidade do cadro de persoal da empresa.

Cabe sinalar que, deica ese momento, a empresa viñera ingresando, de xeito regular, o importe total das soldadas dos operarios/as da factoría; sendo a primeira ocasión, precisamente coincidindo coa convocatoria de folga xeral, na que se produciu unha falla de pagamento salarial destas características.

VIII.- O 8 de xaneiro de 2009 celebrouse, na Delegación Provincial de Trballo de Ourense, o acto de mediación entre o Comité de Empresa e a Dirección da empresa Vidreira do Atlántico, S.A., con presenza da Delegada Provincial da Consellaría de Trballo: dona Carme Rodríguez Dacosta, de cara a acadar unha solución negociada ao conflito.

Durante a mediación, a empresa realizou múltiples alusións a un posíbel peche do centro de traballo, a rescisións de contratos, así como á imposibilidade de pagamento do importe total das nóminas do mes de decembro pola situación de conflito laboral existente na empresa. Igualmente, anunciaron que, ao día seguinte, farían fronte a outro 30% da nómina de decembro de 2009.

IX.- O 10 de xaneiro de 2009 a empresa emitiu un comunicado dirixido aos traballadores da fábrica Vidreira do Atlántico no que se realizaron unha serie de afirmacións, na súa maioría, incertas, así como a seguinte valoración sobre a actividade sindical levada a cabo no conflito:

“También se quiere trasladar a los trabajadores la preocupación de la empresa ante la actitud sindical mostrada en el conflicto, toda vez que no se entienden los motivos para un posición tan irresponsable del Sindicato, pues la empresa ha podido constatar que dicha posición no es compartida por otros trabajadores miembros del Comité de empresa”.

X.- Asemade, o 10 de xaneiro de 2009 a Dirección da VA, S.A. ordenou reorientar os focos de iluminación existentes nos valados de acceso á factoría, de maneira que apuntasen cara á rúa e os espazos exteriores da Vidreira, especificamente cara a porta de acceso e instalou tres novas cámaras de video vixilancia.

Tal actuación foi reprobada polo Comité de Folga, mediante escrito dirixido á dirección da mercantil, en data 11 de xaneiro do 2009.

XI.- O 11 de xaneiro de 2009 a CIG e os traballadores e traballadoras dirixiron, vía fax, un escrito á Delegación Provincial de Traballo, á Subdelegación do Goberno e á empresa Vidreira do Atlántico, S.A. no que ademais de reiterarse os argumentos do comunicado elaborado en resposta ao da empresa do día 10 de xaneiro, se puxo en coñecemento das destinatarias o seguinte:

“... Segundo.- Que perante o acordo empresarial, tomado o día 10 de xaneiro de 2009, de dirixir as cámaras de seguranza cara a rúa e espazos públicos, así como situar os focos de iluminación apuntando tamén á rúa e espazos exteriores da Vidreira, anúnciolle que, de non corrixiirse tais decisións con carácter previo á celebración da folga, se ha presentar a correspondente denuncia por esa acción, dirixida ao control das zonas de pública concorrencia, puidese violar os dereitos fundamentais dos traballadores/as en folga e, evidentemente, os dereitos civís: á intimidade, á propia imaxe, etc, dos cidadáns en xeral.

Terceiro.- Que, como vostés coñecen, as funcións do comité de folga son as seguintes:

1ª.- Negociar a solución do conflito.

2ª.- Garantir durante a folga a prestación dos servizos de seguranza e mantemento.

3ª.- Participar nas actuacións sindicais e administrativas que se realicen para solucionar o conflito.

4ª.- Participar nas accións xudiciais que se formulen a tais efectos.

5ª.- Desconvocar a folga.

6ª.- Respetar e facer respetar os dereitos do exercizo da folga.

X.- O mesmo 11 de xaneiro de 2009, deu comezo á primeira xeira da folga convocada.

XI.- O 12 de Xaneiro do 2009, o Comité de Empresa denunciou aos Directivos da VA, S.A. e do Grupo BA, perante a Fiscalía de Ourense, por violar o dereito de folga e liberdade sindical, ao ter recibido ameazas de peche da fábrica, se mantiñan o seu propósito de exercitar os seus dereitos fundamentais.

XII.- O 13 de xaneiro de 2009, o xornal “La Voz de Galicia” publicou unha nova relativa ao conflito da Vidreira na que o seu Director Operativo, Rafael Corzo afirmaba que: *“en estes momentos a empresa non ten ningunha predisposición a negociar porque a dirección non está disposta a negociar baixo medidas de presión, como é esta folga”.*

XIII.- O 23 de Xaneiro do 2009, o Comité de Empresa dirixiuse ao Conselleiro de Industria de Galiza, alertando das intencións de peche da VA, S.A. e reclamando a construción dun gaseoduto no Polígono de Xinzo, a cambio de garantías de estabilidade e futuro para a fábrica.

XIV.- O 27 de Xaneiro do 2009, Manoel Anxo García Torres, no nome da CIG e do Comité de Folga, formulou convocatoria de negociación perante a Dirección da empresa, co obxecto de tratar o seguintes temas:

- Alternativas para a solución do conflito.
- Negociación, no seu caso, dos servizos de seguranza e mantemento da próxima quenda da folga convocada.

XV.- Ise mesmo 27 de Xaneiro do 2009, o Grupo BA e a VA, S.A., atentaron contra a actividade e a produtividade da fábrica limiá, suprimindo 250 horas, por traballador e ano, sen substituílas por contratacións. É dicer eliminaron unha forza de traballo e actividade na VA, S.A. equivalente a 20 traballadores/as (1 liña de produción), ao reducir 32.500 horas de actividade ao ano e, consecuentemente, desviar esa capacidade produtiva da VA, S.A. a outras empresa do Grupo BA.

XVI.- O 4 de Febreiro do 2009 o Comité de Empresa diriuse ao Conselleiro de Economía alertando das intencións de peche da VA, S.A. e reclamando o ofrecemento de liñas de financiamento á empresa, a cambio de garantías de estabilidade e futuro para a fábrica.

XVII.- O 9 de Febreiro do 2009, a CIG e o Comité de traballadores/as convocan novas xornadas de FOLGA XERAL para as seguintes xeiras:

- **4ª quenda:** dende o 17 de Febreiro do 2009, até o 19 de Febreiro do 2009.
- **5ª quenda:** dende o 25 de Febreiro do 2009, até o 27 de Febreiro do 2009.

XVIII.- O 10 de Febreiro do 2009, a Dirección do Grupo BA desmantelou o Departamento Comercial da VA, S.A., despedindo a varios traballadores/as da fábrica de Xinzo.

XIX.- O 12 de Febreiro do 2009, o Comité de Empresa dirixiuse a todos os Concellos da Limia alertando das intencións de peche da VA, S.A. e reclamando o ofrecemento de terreos e axudas á empresa, a cambio de garantías de estabilidade e futuro para a fábrica.

XX.- O 12 de Febreiro do 2009, o Grupo BA emitiu un comunicado de prensa asegurando que as súas intencións non eran pechar a fábrica, senón viabilizala.

XXI.- O 13 de Febreiro do 2009, o Pleno do Concello de Xinzo da Limia aprobou unha Moción, instada polos traballadores e traballadoras da fábrica, ofrecendo terreos á VA, S.A. a cambio de garantías de permanencia en Xinzo da Limia.

Os sindicatos e traballadores/as da Vidreira conseguiron que o Concello de Xinzo da Limia tomase o acordo formal de ofrecer, a prezo simbólico (12 euros metro cuadrado), á Dirección do grupo BA, unha extensión de 150.000 mts.2 para dar solución a un dos "supostos" problemas construídos pola patronal.

XXII.- O 16 de Fereiro do 2009, o Comité de Empresa convocou a sociedade limiá a unha Manifestación Popular en defensa dos postos de traballo e en reclamación da continuidade da VA, S.A. na Límia.

XXIII.- En data 17 de febreiro do 2009, con carácter previo ao inicio da cuarta xornada de folga, celebrouse Asemblea Xeral de Traballadores nas instalacións da Casa do Concello de Xinzo da Limia, para tratar o conflito laboral, aberto desde o mes de Decembro de 2008.

A proposta do Comité de Empresa, acordouse celebrar votación secreta para someter á consideración dos operarios a conveniencia de continuar ou paralizar as medidas de folga.

A votación celebrouse entre as 21.30 horas e as 23.00 horas do día 17 de febreiro; sendo as preguntas formuladas polo Comité de Folga aos traballadores/as, entre as que podían escoller: "SI á folga (*apoiado a continuación das medidas de presión e folga convocada, mentres non se solucione o conflito*)"; ou "NON á folga (*desexo que se desconvoque a folga e se acepten as propostas da empresa*)".

Tras o escrutinio realizado polo Comité de Folga a presenza de todos os traballadores/as, obtivéronse os seguintes resultados:

Nº total de votantes: 104.
Nº total de votos válidos: 103
Nº de votos nulos: 1
Votos a favor de continuar a folga: 86

Votos a favor de paralizar a folga: 17

Unha vez rematado o acto, o Comité de Folga acordou comunicar tal resultado á Dirección da empresa e requirila, novamente, para que, no prazo de tres días, informase sobre a data ou datas nas que ía materializar a destrución da produción xerada nas distintas quendas de folga, tal e como se pactara no seu momento.

XXIV.- En data 20 de febreiro de 2009, **FERNANDO AMILIVIA GONZÁLEZ**, remitiu ao Comité de Folga, un novo escrito, que a seguir se transcribe:

“...En contestación a sus comunicaciones en relación con la fijación de los servicios mínimos y la exigencia a la empresa para la determinación de las fechas de destrucción de la mercancía producida en las jornadas de huelga, les manifestamos lo siguiente:

De manera continuada, desde la primera celebración de la jornada de huelga, han venido ustedes dificultando la designación de los servicios de seguridad y condicionando u obstaculizando a través de tácticas dilatorias su designación efectiva.

Así, en la primera jornada de huelga, la Empresa tuvo que designar dichos servicios de forma unilateral aplicando los criterios técnicos necesarios para garantizar la seguridad de la planta y de las personas, lo que les fue trasladado y explicado. Este criterio fue aceptado por ustedes para todas las jornadas sucesivas, si bien aportando un nuevo requisito consistente en que la mercancía producida no debiera salir de las instalaciones y que debiera ser destruída en la planta.

Se aceptó su propuesta, pero al mismo tiempo se les informó de que la capacidad de destrucción de vidrio dentro de la planta es mínima, muy limitada, careciendo la misma de una planta de destrucción de calcín que pudiera permitir hacerlo de forma masiva, lo que significaba que, en la medida de lo posible, se iría acometiendo. De la importancia de este hecho no cabe más que indicarles que la empresa tiene un total de 1.418 palets de mercancía obsoleta pendiente de destruir, con el problema de que ocupan espacio en el almacén, que es muy necesario, y todo ello bajo el condicionante de la falta de medios técnicos para dicha destrucción masiva.

La empresa, como garantía de dicha destrucción, a partir de la segunda jornada de huelga, les trasladó que la mercancía sería inmovilizada, aislada y colocada fuera de los almacenes, en concreto al aire libre como garantía de dicha destrucción, lo que determinaría su deterioro y de los que todos los trabajadores serían testigos.

Para la última jornada de huelga, en concreto a 24 horas del inicio de la misma, nos condicionaron la designación de los servicios de seguridad a que se fijaran las fechas de destrucción de la mercancía, lo que la empresa denunció como un abuso y una actuación ilegal dentro de la huelga convocada. Incomprensiblemente nos contestaron a las pocas horas afirmando que no era cierto, que no condicionaban dicha designación, y sin embargo la empresa tuvo que fijarlos unilateralmente, comunicando la designación a los trabajadores, desde el primero hasta el último, sin su presencia ni aceptación, lo que evidencia el doble lenguaje y la mala fe con que se está actuando.

Y ahora nos requieren para que en el plazo de tres días desde su notificación comuniquemos las fechas de destrucción de la mercancía y que, en caso de no hacerlo, procederán a su impugnación judicial como un acto contrario al derecho de huelga, enlazando nuevamente el hecho de la destrucción con el nombramiento de los servicios de seguridad para la planta.

Esta empresa manifiesta nuevamente que ha puesto a disposición del Comité de Huelga y de los trabajadores que han ejercido su derecho, la garantía necesaria para que la mercancía producida sea destruída, sin que se pueda utilizar este hecho para condicionar la designación de los servicios o cualquier otra actuación que pueda poner en peligro las instalaciones y personas, olvidando la obligación que el Comité de Huelga tiene atribuida al respecto por la ley.

Por último, les recordamos el riesgo legal en que están incurriendo a efectos de declarar la huelga ilícita por abusiva al incumplir la obligación que tienen de prestar su participación en la designación de los servicios de seguridad y mantenimiento, lo que, como ya hemos indicado, se constató de forma evidente en la última jornada de huelga, lo que esperamos que no vuelva a acontecer, para la seguridad de todos, en las jornadas sucesivas”.

XXV.- Que, en resposta ao escrito anterior, o 22 de Febreiro do 2009, o Comité de Folga dirixiulle á Dirección da mercantil o documento que se reproduce:

Manoel Anxo García Torres, maior de idade, con D.I. nº 76.707.405J, en cualidade de membro do Comité de Folga; perante a Dirección da Vidreira do Atlántico, S.A. comparezo e DIGO:

Primeiro.- Que, o venres 20 de Febreiro do 2009, a Dirección da empresa enviou ao fax do Comité de Folga un escrito, asinado por Fernando Amilivia González, en resposta ao requirimento previo realizado polo Comité de Folga, relativo ao prazo de tres días conferido á Dirección da empresa por tal organismo para comunicar as datas para a destrución da produción efectuada durante as 4 últimas xornadas de folga.

Segundo.- Que, posto que no citado escrito a Dirección empresarial volta incorrer, o mesmo que xa fixera no remesado por idéntico conduto en data 16/02/09 (luns), en gravísimas acusacións contra o Comité de Folga, procede, antes de nada, situar a orixe e delimitar o contido das mesmas, para, a seguir, formular a conclusión e accións que se levarán a termo contra tais imputacións.

Escrito da Vidreira enviado ao Comité de Folga o día 16/02/09 (luns):

“.....Condicionar la designación de servicios en este momento a que se fijen las fechas de destrucción constituye un abuso y una acción de ilegalidad dentro de la huelga convocada, lo que podrá, de non deponer su actitud, fundamentar la oportuna declaración de ilegalidad del conflicto, y todo ello sin perjuicio de la responsabilidad en que puedan incurrir de non cubrirse los servicios de seguridad para dicha jornada”

Escrito do Comité de Folga enviado a Vidreira o día 17/02/09 (martes):

“1º.- En calquera proceso negociador, hai dúas partes e a votade negociadora de ambas partes é esencial para producir acordos. Nise sentido, se a Dirección da Empresa quer negociar algo co Comité de Folga (como así desexa o Comité coa Dirección da Empresa), non caben manifestacións como: “condicionar la designación de servicios en este momento a que se fijen las fechas de destrucción constituye un abuso y una acción de ilegalidad dentro de la huelga convocada....”. Nengún condiciona a designación de servizos a nada...Simplesmente o Comité non acepta unha proposta que non se considera axeitada.

2º.- O Comité de Folga, NON ESTÁ CONFORME COA SÚA PROPOSTA, NO QUE ATINXE Á GARANTÍA DE DESTRUCCIÓN DA PRODUCCIÓN QUE NON PRESTA, NEN CONCRETA A DIRECCIÓN DA EMPRESA e, por iso anuncia, a menos que se comuniquen as datas de destrucción da produción, que acudirá á xurisdición solicitando o correspondente abeiro.

3º.- O Comité de Folga, porén, nen DISCUTIU nen DISCUTE O DIREITO A FIXAR SERVIZOS DE SEGURANZA E MANTEMENTO e, en virtude de tal recoñecimento, a este órgano sérvenlle, acatará e garantirá os servizos de mantemento e seguranza xa propostos e establecidos e unha vez asumida a rotación de traballadores/as demandada (mais coas mesmas reservas que as realizadas en convocatorias anteriores, así como coa obxección formulada no punto precedente).

4º.- O Comité de Folga, como xa aconteceu nas outras ocasións, asegurará, en exercicio das súas funcións, a comunicación en tempo e forma aos traballadores designados, así como prestación de servizos de seguranza e mantemento, durante as xornadas do 17 ao 19 de Febreiro; mais impugnará diante da xurisdición aqueles aspectos cos que non está conforme e aos que a Dirección non lles diu satisfacción (garantía de destrucción da produción), ao considerar que a dilación “sine die” da destrucción non constitúe mais que o intento de “non destrucción” da mesma e, por extensión, de vulneración do dereito de folga.”

Escrito da Vidreira enviado ao Comité de Folga o día 20/02/09 (venres):

“.....Para la última jornada de huelga, en concreto a 24 horas del inicio de la misma, nos condicionaron la designación de los servicios de seguridad a que se fijaran las fechas de destrucción de la mercancía, lo que la empresa denunció como un abuso y unha actuación ilegal dentro de la huelga convocada. Incomprendiblemente nos contestaron a las pocas horas afirmando que no era cierto, que no condicionaban dicha designación, y sin embargo la empresa tuvo que fijarlos unilateralmente, comunicando la designación a los trabajadores, desde el primero hasta el último, sin su presencia ni aceptación, lo que evidencia el doble lenguaje y la mala fé con que se está actuando..”

Por último, les recordamos el riesgo legal en que están incurriendo a efectos de declarar la huelga ilícita por abusiva al incumplir la obligación que tienen de prestar su participación en la designación de los servicios de seguridad y mantenimiento, lo que como ya hemos indicado, se constató de forma evidente en la última jornada de huelga, lo que esperamos que no vuelva a acontecer, para la seguridad de todos, en las jornadas sucesivas...”

Malia a claridade da comunicación efectuada polo Comité de Folga, en data 17 de Febreiro do 2009, a Dirección da empresa persistiu, en data 20 de Febreiro do 2009, en reproducir argumentos valeiros de contido, incertos e acusatorios; procurando unicamente espallar unha cortiña de fume, co obxecto de agochar a súa real intención de incumplir o pacto de servizos de seguranza e mantemento que ela mesma propuxera, en materia de destrucción do material producido.

Tras a lectura das misivas transcritas, resulta claro que a Dirección empresarial é coñecedora de que está a realizar unha imputación incerta; perseguindo, baixo a formulación de gravísimas acusacións, confundir e despistar a súa obriga de indicar ao Comité de folga a data ou datas nas que se debe materializar a destrucción da produción.

Así as cousas, o Comité de Folga que represento, en exercicio das súas competencias, ten tomado as decisións que se argumentarán, dacordo coa dupla intención empresarial que se deduce as dúas últimas comunicacións transcritas: a negativa a informar sobre as datas e/ou sistemas para a destrucción da produción e as gravísimas imputacións formuladas contra o Comité de Folga.

Imputacións formuladas contra o Comité de Folga:

“...Por último, les recordamos el riesgo legal en que están incurriendo a efectos de declarar la huelga ilícita por abusiva al incumplir la obligación que tienen de prestar su participación en la designación de los servicios de seguridad y mantenimiento, lo que como ya hemos indicado, **se constató de forma evidente en la última jornada de huelga**, lo que esperamos que no vuelva a acontecer, para la seguridad de todos, en las jornadas sucesivas...”

De constatare algunha acción ilícita na actuación do Comité de Folga, por parte da empresa, o procedente tería sido ACUDIR A MAIOR BREVIDADE A RECLAMAR O ABEIRO QUE SE CONSIDERASE AXEITADO en defensa dos seus intereses. Non semella razoábel que, en troques de darse e darnos a oportunidade de defendérmolos en pé de igualdade, se nos “perdoe” coa “súper inquietante” advertencia que se deduce da frase: “esperamos que no vuelva a acontecer....”.

Á luz da inacción despregada pola empresa, só cabe que sexamos nós quen poñamos en coñecimento da xustiza a gravísima acusación que o Director de Recursos Humanos da Vidreira di ter constatada, co obxecto de protexernos da imputación dunha acción ilícita feita con coñecimento da súa incerteza, así como de impedir lesións á dignidade e honorabilidade dos traballadores/as que integran o Comité de Folga e, en definitiva, evitar a discriminación e limitación do exercicio do dereito de folga e liberdade sindical que se persegue.

Con todo e independentemente das denuncias que o Comité de Folga vai formular contra os responsábeis das incertas imputacións vertidas nos escritos de 16/02/09 e 20/02/09, invitamos a Dirección a que faga o que considere axeitado, no canto de acusar, xulgar e absolver a quen, en principio, se lle presume a inocencia. Xa coñecen vostés que esa é labor dos Tribunais.

A maiores anunciámoslle que calquera outra imputación sen fundamento que se produza por escrito, a partires deste momento, ha correr a mesma sorte que a acordada para as anteriores.

A negativa a informar sobre as datas e/ou sistemas para a destrución da produción:

Como xa se sinalou, tras a cortiña de fume esparixada, sobre a “inexistente” falta de colaboración do Comité de Folga na designación dos servizos de seguranza e mantemento; agachouse a real intención de non concretar, tal e como se lle pedíu, a garantía de destrución da produción.

O Sr. Director de Recursos humanos, ademais dalgunhas outras cuestións que se substanciarán en ámbitos distintos, sinalou, literalmente, no escrito do 20/02/09:

“Esta empresa manifiesta nuevamente que ha puesto a disposición del Comité de Huelga y de los trabajadores que han ejercido su derecho, la garantía necesaria para que la mercancía producida sea destruída.....”

Á vista da anterior afirmación cabería preguntarse se, como asegura o Director, se puxo ao dispor do Comité a garantía precisa para a destrución da produción, cal é o problema para indicar a tal organismo a data ou datas nas que se vai iniciar tal destrución ?..En principio, semella coherente que cando dúas partes chegan a un acordo para a destrución da produción e unha pide que se indique a data ou datas nas que materializar o acordo, a outra deba satisfacer tal petición. O que en ningún suposto é razoábel é que se diga, como fai o responsábel de recursos humanos da Vidreira, que se destruírá cando se poida....Non existe circunstancia algunha, nen técnica, nen material, que impida á Dirección da empresa prever unha data ou datas para perfeccionar o acordo. A negativa a orientar ao Comité, ademais de acusalo infundadamente, sobre as datas previstas para o perfeccionamento do acordo, só pode configurar unha actitude dilatoria que procura inviabilizar o acordo e, consecuentemente, violar o dereito de folga e liberdade sindical.

En definitiva, o Comité de Folga debe significarlles que, por causa da súa negativa, solicitará xudicialmente o cumprimento do acordado e, alternativamente, o resarcimento económico ao suxeito pasivo de tal incumprimento; ao ter percorrido, sen resposta, o prazo de tres días conferido á Dirección empresarial para informar sobre o establecemento dunhas datas, ao convir da patronal, nas que destruír a produción xerada nas distintas convocatorias de folga, como materialización do acordo de servizos de seguranza e mantemento.

Terceiro.- Que, co gallo de evitar que o Sr. Director de Recursos Humanos do Grupo confunda de novo e volte incorrer en imputacións carentes de fundamento; aproveitamos esta comunicación para darlles resposta sobre a proposta de traballadores/as para ocupar os servizos de seguranza e mantemento nas xornadas de folga convocadas para os días 25 a 27 de Febreiro do 2009, enviada por fax ao Comité de Folga, pola Dirección Empresarial, en data 16 de Febreiro do 2009:

1º.- O Comité de folga admite que se estenda a esta 2ª convocatoria de folga o pacto suscrito con vostés na 1ª convocatoria de folga, sobre establecemento de servizos de mantemento e seguranza; mais coas mesmas reservas que as realizadas en convocatorias anteriores e circunscrito a esta ocasión.

2º.- O Comité de Folga acepta a proposta da Dirección Empresarial, enviada por fax ao Comité de Folga o día 16/02/09, tanto en relación co número de traballadores/as, como a respecto da concreción dos mesmos e aválaos para facer as oportunas comunicacións individualizadas aos traballadores e traballadoras afectados.

3º.- O Comité de Folga, pola súa parte, garantirá e tamén comunicará aos afectados/as os servizos de mantemento e seguranza xa propostos e establecidos.

4º.- O Comité de Folga anúncialles que se, no prazo dunha semana tras rematar a folga convocada para o día 25, se segue a incumprir a obriga de informar sobre a data ou datas previstas para a destrución da produción xerada nesta convocatoria, impugnará diante da xurisdición o incumprimento do acordo (garantía de destrución da produción), ao considerar que a dilación “sine die” da destrución non constitúe mais que o intento de “non destrución” da mesma e, por extensión, de vulneración do dereito de folga.

Cuarto.- Que o Comité indica, en exercicio da súa función e como garantía de cumprimento dos servizos de seguranza e mantemento, que o réxime de entradas na factoría dos seus membros, durante as xornadas de folga convocadas, terá idéntico horario e periodicidade que o pactado nas anteriores ocasións.

Quinto.- Que, dacordo coa obriga de negociar a que están sometidas as partes en conflito, por 5ª vez e todas a iniciativa do Comité de Folga, **CONVOCAMOS á Dirección da empresa a unha reunión a celebrar nas instalacións da factoría de Xinzo da Limia, o próximo día 25 de Febreiro do 2009 (mércores) a partires das 16:30 horas**, co obxecto de procurar unha saída negociada ao conflito que evite a materialización da folga convocada.

Dada a importancia do asunto polo que se convoca a reunión, agardamos que a Dirección Empresarial saiba aceptala e non propoña modificacións, como así fixo nas 4 ocasións anteriores, dilatando e adiando a súa celebración.

Sexto.- Que, por último, requírese á Dirección para que, na reunión do día 25 de Febreiro, entregue ao Presidente do Comité de Empresa a documentación económica solicitada os días 13 e 15 de Febreiro, en cumprimento do dereito de información ao Comité, establecido na lexislación vixente.

Por todo isto, **SOLICITO:**

Que, consonte co fixado no corpo deste escrito, se teñan por feitas e comunicadas as súas manifestacións e decisións aos efectos procedentes; en especial, as relativas aos servizos de seguranza e mantemento para as xornadas de folga convocadas para os días 25 a 27 de Febreiro, así como as relacionadas coa convocatoria de reunión negociadora proposta para o día 25 de Febreiro do 2009 e o requirimento de entrega de documentación económica.”.

XXVI.- O 23 de Febreiro do 2009, a Consellaría de Industria da Xunta de Galiza comprometeuse, por escrito, a construír un gaseoduto no Polígono de Xinzo da Limia.

XXVII.- O 24 de Febreiro do 2009 a Dirección da empresa, contravindo o disposto no artigo 8.2 do RD 17/1977 de Relacións de Traballo, comunicou ao Comité de Folga, literalmente, o seguinte:

“El indudable interés de la empresa en alcanzar un acuerdo y en resolver satisfactoriamente el conflicto se han visto tremendamente obstaculizados por estos perjuicios, debilitando aún más su posición financiera y su capacidad de gestión futura de la fábrica. Por ello, no es posible a la empresa acceder a una propuesta de reunión en estos momentos, lo que se pone en conocimiento al Comité de Huelga”.

XXVIII.- O 26 de Febreiro do 2009, a Consellaría de Economía ofereceu liñas de financiamento ao Grupo BA, para reestruturar a súa débeda.

XXIX.- Igualmente, en data 26 de Febreiro de 2009, FERNANDO AMILIVIA GONZÁLEZ, remitiulle ao Comité de Folga, o escrito cuxo contido textualmente, dicía:

“...Durante las jornadas de huelga del 17 y 18 de febrero, varios trabajadores del piquete de acceso a las instalaciones, han tirado huevos a las instalaciones y personas de la empresa, en todo caso, en presencia de los propios miembros del Comité de Huelga, sin que se haya detenido esta situación en modo alguno.

Estos actos se han visto en la presente jornada notablemente agravados por el hecho de que al lanzamiento de huevos, que se han realizado incluso sobre varios trabajadores que han intentado ejercer su derecho de huelga, y que se les ha prohibido de forma coactiva, se ha añadido el lanzamiento de multitud de piedras contra las instalaciones, lo que además ha podido determinar serios y graves daños para las personas.

Desde ese Comité de Huelga, una vez más, se está incumpliendo su obligación y responsabilidad en relación con la huelga planteada. Resulta incomprensible que por parte de ustedes se permita este tipo de actuaciones vandálicas, sin ejercer su derecho y obligación de ser garantes de la seguridad de los bienes y personas, lo que dará lugar a la oportuna acción de la empresa en defensa de sus intereses.

De esta comunicación se dará traslado a las autoridades y a las fuerzas de seguridad”.

XXX.- En contestación ao escrito anterior, o Comité de Folga e os traballadores/as remitíronlle á Dirección da patronal o documento que se transcribe:

“Manoel Anxo García Torres, maior de idade, con D.I. n.º 76.707.405J, en cualidade de membro do Comité de Folga; perante a Dirección da Vidreira do Atlántico, S.A. comparezo e DIGO:

Que, ás 14:40 horas do día 26 de Febreiro do 2009, se recibíu nos números de fax habilitados polo Comité de Folga a comunicación da Dirección empresarial, asinada por Fernando Amilivia González, que a seguir se transcribe:

“.....Durante las pasadas jornadas de huelga del 17 y 18 de Febrero, varios trabajadores del piquete de acceso a las instalaciones han tirado huevos a las instalaciones y personas de la empresa, en todo caso, en presencia de los propios miembros del Comité de Huelga, sin que se haya detenido esta situación en modo alguno.

Estos actos se han visto en la presente jornada notablemente agravados por el hecho de que el lanzamiento de huevos, que se han realizado incluso sobre varios trabajadores que han intentado ejercer su derecho de huelga, y que les han prohibido de forma coactiva, se han añadido añadido el lanzamiento de multitud de piedras contra las instalaciones, lo que además ha podido determinar serios y graves daños para las personas.

Desde ese Comité de Huelga, una vez más, se está incumpliendo su obligación y responsabilidad en relación con la huelga planteada. Resulta incomprensible que por parte de Vds. se permita este tipo de actuaciones vandálicas, sin ejercer su derecho y obligación de ser garantes de los bienes y personas, lo que dará lugar a la oportuna acción de la empresa en defensa de sus intereses.

De esta comunicación se dará traslado a las autoridades y a las fuerzas de seguridad...”

Que, xa se lle sinalara, ao Sr. Amilivia González, noutras dúas ocasións polo menos, que está a incorrerse, pola súa parte e por aqueles que sosteñen afirmacións do calibre das transcritas, en gravísimas e infundadas acusacións contra o Comité de Folga.

Que, malia a claridade das comunicacións efectuadas polo Comité de Folga, en datas 17 e 21 de Febreiro do 2009, a Dirección da empresa, a meo do Sr. Amilivia, teima en imputarlle a comisión de accións incertas e infundadas; procurando unicamente espallar unha cortiña de fume, co obxecto de agochar a súa real intención de violar os dereitos de folga e liberdade sindical, pola vía de negarse a negociar e a destruír a produción das xornadas de folga.

Resulta paradoxal que sexa agora, tras a negativa a negociar unha solución ao conflito dada pola Dirección da Empresa e logo de varios intentos de solucionar o problema, protagonizados polo Comité de Folga, cando nos veñan dicindo que en datas 17 e 18 de Febreiro do 2009: “se han tirado huevos a las instalaciones, en todo caso, en presencia de miembros del Comité de Empresa”. A pregunta que se nos plantexa, en relación con esta acusación, é por qué nas comunicacións que nos enviaron os días 19, 20, 23 e 24 de Febreiro non fixeron unha só alusión a este asunto ?. Puideron vostés perfectamente, na comunicación acusatoria realizada o 20 de Febreiro, engadir esta acusación e só agora é que se lles ocorre.

Mais se o anterior é falso, a seguinte acusación das contidas na comunicación obxecto desta resposta, simplemente, se pode cualificar como unha inxuria e/ou unha calumnia.

Non é de presentábel Sr. Amilivia que, tras a traxectoria da súa empresa negándose a negociar o final do conflito, negándose a cumprir o acordo de destrución da produción, depregando multitude de cámaras de videovixilancia no perímetro

da Vidreira dirixidas a espazos públicos e, a vista da actitude de colaboración e responsabilidade mostrada polos traballadores, realizando xestións de todo tipo e, mesmo, facilitando que persoal en folga entrase a traballar en determinados momentos a requirimento da empresa, en función dos “imprevistos” que convenientemente lles xurden en todas as convocatorias; nos veña acusando, ademais do imputado na súa misiva do 20/02/09, de impedir exercer o dereito ao traballo e, o COLMO!, de ter “algo que ver” cun “suposto” lanzamento de multitude de pedras contra as instalacións.

Indicámoslle, na nosa comunicación de data 21 de Febreiro que, de constatare algunha acción ilícita por parte do Comité (como vosté aseguraba) o procedente tería sido acodir á reclamar o abeiro que considerase oportuno. Do mesmo xeito, **ESÍXIMOSLLE, agora, que PROBE AS GRAVISIMAS IMPUTACIÓNS QUE ESTÁ A FACER CONTRA O COMITÉ DE FOLGA, PORQUE, EN CASO CONTRARIO, VOSTÉ HA SER QUEN DEBA RESPONSTAR PERANTE A XUSTIZA POR FORMULALAS A SABENDAS DA SÚA INCERTEZA.**

O Comité de Folga confírelle prazo de dous días, dacordo coas súas competencias e consonte ao dereito de acceso, previsto na lei de protección de datos de carácter persoal, para que entregue a este organismo as PROBAS DAS QUE DISPOÑA, en relación coa acusación realizada; ben co fin de que sexa o propio Comité o que denuncie diante da xustiza, de ser veraces tais acusacións, a aqueles traballadores que “supostamente” tivesen protagonizado accións ilícitas; ou ben co obxecto de que este Comité, de non mediar a oportuna rectificación pola súa parte, sexa o que interpoña a correspondente querela criminal contra a súa persoa en defensa da nosa honorabilidade.

Por último, indicámoslle que fan ben en dar traslado da súa comunicación ás autoridades e ás forzas de seguranza. O mesmo imos facer nos enviando esta, á Subdelegación do Goberno e ao posto da Garda Civil de Xinzo da Limia, a efectos de que, estes dous departamentos tomen boa nota da súas accións. “

XXXI.- A fins do mes de Febreiro 09, varios directivos do Grupo BA declararon publicamente que os traballadores debían ocuparse dos seus asuntos e deixar de imiscuirse nos problemas económicos da fábrica; rexeitando os ofrecimentos conseguidos coa mediación do Comité de Empresa.

XXXII.- O 1 de Marzo do 2009 a CIG e o Comité de Empresa da Vidreira do Atlántico, voltaron convocar folga xeral en todos os servizos e dependencias da factoria para os seguintes días:

- **1ª Xeira:** De xeito continuado (8 horas por cada unha das catro quendas de produción), dende as 22:00 horas do día 15 de Marzo do 2009 (domingo), até as 6:00 horas do día 17 de Marzo do 2009 (martes).
- **2ª Xeira:** De xeito coninuado (8 horas por cada unha das catro quendas de produción), dende as 22:00 horas do día 29 de Marzo do 2009 (domingo), até as 6:00 horas do día 31 de Marzo do 2009 (martes).
- **3ª Xeira:** De xeito continuado (8 horas por cada unha das catro quendas de produción), dende as 22:00 horas do día 5 de Abril do 2009 (domingo), até as 6:00 horas do día 7 de Abril do 2009 (martes).
- **4ª Xeira:** De xeito continuado (8 horas por cada unha das catro quendas de produción), dende as 22:00 horas do día 26 de Abril do 2009 (domingo), até as 6:00 horas do día 28 de Abril do 2009 (martes).

XXIII.- O 5 de Marzo do 2009, Manoel Anxo García Torres, no nome do Comité de Folga, dirixiuse á empresa nos seguintes termos:

“Manoel Anxo García Torres, maior de idade, con D.I. nº 76.707.405J, en cualidade de membro do Comité de Folga; perante a Dirección da Vidreira do Atlántico, S.A. comparezo e DIGO:

Que, con data 27 de Febreiro do 2009, o Comité de Folga invitou á Dirección da Empresa, en relación coa continxencia acontecida na liña 11 de produción durante a xornada da folga do 26 de Febreiro do 2009 a que, literalmente: “dea as oportunas explicacións e argumentacións, con carácter previo a comunicar este grave suceso as autoridades gubernativas e xudiciais para que tomen nota do que pode constituír un grave incumprimento en materia de seguranza para as persoas e instalacións”

Que, como queira que hoxendía non se evacuaron as oportunas aclaracións, ou argumentacións a este Comité de Folga, temos de REITERARLLES a súa OBRIGA de DAR EXPLICACIÓNS sobre o asunto e sobre as razóns que os levaron a non comunicar, ao organismo encargado de velar pola seguranza de instalacións e persoas, a produción de tal acontecemento.

Debemos lembrarlle que o seu “Procedimento de Gestao”, entregado ao Comité de Folga, está previsto para “estabelecer os principios e recursos mínimos necesarios em cada unidade fabril, em caso de forte absentismo, por forma a que as condicións de seguranza de persoas e bens fiquem garantidas”.

Igualmente en tal documento fanse seguintes consideracións:

“....O controllo e estabilidade dos fornos é crítico para garantir a segurancia das persoas, dos equipamentos e a sobrevivencia da instalacao. A dimensao da massa vitrea existente no forno, as suas elevadas temperaturas, o volume de combustivel utilizado e o impacto de una descontinuidade nesa área da fábrica torna essa actividade a mais crítica de toda a instalacao. Alteracoes bruscas de tiragem, temperatura, caudal e potencia dos combustiveis, podem pôr en causa a sua vida bem como de alguns equipamentos asociados..... As maceiras estaa dimensionadas para abosorver o vidro de una curta paragem das máquinas resultantes de situacoes como um corte de corrente ou una mudanca de fabrico. As suas dimensoes permitem apenas absorver 1 a 2 horas de vidro a fio dado que muito rapidamente se começa a acumular una massa de vidro que pode resultar numa situacao de perigo real para a segurancia de persoas e bens. É necesario garantir que continuam a ser cortadas gotas e que a maior parte delas sao escoadas como vidro frio ao longo da linha de producao (produto)”.

Xa que logo, abonda con ler os seus “próprios protocolos” para concluir que, o pasado día 26 de Febreiro do 2009 entre as 7:00 e as 23:00 horas, dacordo co informe de produción “cero” emitido por vostés, non se activaron os procedimentos de emerxencia, nen se informou as autoridades, nen ao Comité de Folga, sobre o problema acontecido na liña nº 11 que, contra o ditaminado polos seus técnicos, tivo de estar a fio durante mais de 16 horas seguidas, cando, segundo o citado plano de contingencia, 1 ou 2 horas a fio **podem resultar numa situacao de perigo real para a segurancia de persoas e bens.**

Así as cousas, de non informarse de xeito inmediato ao Comité de Folga sobre a situacion, verémonos na obriga de solicitar a intervencion da Inspección de Traballo e Segurancia Social, a efectos de que se abra unha investigacion para determinar a gravidade do asunto e, no seu caso, depurar responsabilidades; así como de pôr en coñecimento da Subdelegacion do Goberno en Ourense e do Ministerio do Interior o suceso acontecido.

Polo exposto, **REQUÍROOS**, no nome do Comité de Folga e dos traballadores en Folga (dos que xa lles consta apoderamento notarial), para que, de xeito urxente e con carácter previo a pôr en coñecimento das autoridades o tema, informen detalladamente ao Comité de Folga sobre a continxencia producida o día 26 de Febreiro, así como sobre as razóns que os levaron a non alertar a este órgano nen ás autoridades.

Asemade indícolles que de non facilitarnos esta informacion, expresamente, durante os próximos tres días, entenderemos que se denega a mesma e procederemos dacordo coa lei”.

XXXIV.- Nun intento de restabelecer o proceso negociador, o 11 de Marzo do 2009 os membros do Comité de Empresa e da CIG acodiron as instalacions da Vidreira do Atlántico, para participar nas reunións convocadas coa Direccion do Grupo BA e o seu Presidente.

A actitude do Presidente da BA: Jorge Alexandre Tavarés Ferreira, contrariamente ao promovido polos traballadores/as, consistiu en prohibir, na primeira reunión, ás 11:00 horas, a entrada nas instalacions dos membros das centrais sindicais e asesores do Comité de Empresa: Anxo García Torres e Carlos Manuel Pérez Fernández e permitir, na 2ª reunión, ás 12:00 horas, a entrada de tais dirixentes; mais para transmitirilles non tiñan nada novo que tratar con eles, reincidindo na súa actitude contraria ao establecido no artigo 8.2 do RD 17/1977 de Relacions de Traballo, no que atinxe á obriga de negociar das partes en conflito.

XXXV.- Que ise mesmo día, a maiores, o Presidente da BA, Jorge Alexandre Tavarés Ferreira, comunicou verbalmente, ao responsábel da CIG e ao Presidente do Comité de Empresa que tiñan identificados aos traballadores/as que foran os responsábeis (segundo o directivo) do lanzamento de ovos e pedras contra as instalacions os días 17 e 18 de Febreiro e que se o Comité de Folga non os denunciaba, a empresa procedería ao seu despedimento.

Diante de tal acusacion os membros da parte sindical requiriron ao directivo para que identificase aos acusados e achegase as probas das que dispuña, aos efectos de comprobacion. O requirimento foi respostado nun duplo senso: sinalando, por unha banda, a uns quince traballadores como implicados, entre os que identificou expresamente a: Gonzalo López Rodríguez e Rubén Rodríguez Díaz e, pola outra, asegurando, no apartado de acreditacion disas acusacions, que el xa sabía que as probas non as podía utilizar, a refirirse ás cámaras de videovixilancia, mais advertindo que había moitos outros xeitos de disciplinar ise tipo de condutas. Finalmente, insistiu en que se o Comité de Folga non presentaba as denuncias demandadas, a Direccion da empresa procuraría a forma mais conveniente de ir “desfacéndose” de vagar dos acusados polos medios que considerasen mais beneficiosos para os seus intereses e que o Comité xa contaba con experiencia abondo sobre a viabilidade de despedimentos en período de folga, mesmo, dalgún Delegado de Persoal.

Os responsábeis da CIG e Comité de Empresa, recomendáronlle que se a Dirección consideraba que se produciran comportamentos ilegais dalgúns traballadores, o mellor que podía facer era formular as oportunas denuncias na xurisdición competente, en troques de lanzar ameazas. Tras tal consello o Presidente da empresa sinalou que iso xa o tiñan feito nos xulgados de Xinzo da Limia.

XXXVI.- O 12 de Marzo do 2009 os traballadores/as e sindicatos tentaron celebrar unha reunión coa Dirección da Vidraría para deoutir o conflito laboral; prohibindo, Jorge Alexandre Tavarés Ferreira, a entrada de sindicalistas na factoría de Xinzo; en claro atentado, novamente, contra o dereito de liberdade sindical.

A partires dese día, a Dirección da BA prohibiu aos seus directivos a negociación cos sindicatos e, violando o dereito de negociación colectiva e liberdade sindical, impediu e negouse a negociar coas centrais sindicais o futuro da empresa.

XXXVII.- Logo da comunicación da nova negativa a negociar cos representantes legais dos traballadores/as a Dirección da Empresa comezou a convocar, pola súa conta, durante ese día e os días 12 e 13 de Marzo, reunións cos traballadores/as, en todas as quendas de traballo da factoría, impedindo a asistencia ás mesmas dos representantes legais dos operarios/as: os membros do Comité de Empresa e, consecuentemente, violando os dereitos de folga, liberdade sindical e negociación colectiva, ao inmiscuirse na acción sindical; procurando negociacións individuais cos traballadores/as á marxe do Comité, transmitíndolles unha proposta por escrito e a mensaxe de que estaban a ser enganados polo Comité de Empresa, así como que debían deixar de secundar as medidas de presión e folga convocadas por tal órgano, baixo ameazas de peche empresarial e despedimentos aso que non atendesen ese tipo de razóns.

XXXVIII.- O día 13 de Marzo do 2009 os Delegados de Persoal: Francisco Rodríguez Atanes e Claudio Caballero Méndez, persoaronse nas instalacións da empresa, informados polos traballadores/as de que a Dirección tiña convocada unha reunión cos operarios/as da quenda que nise momento estaba no interior da factoría, co obxecto de tentar abrir negociacións directas e individuais sobre o conflito laboral plantexado.

No centro de control de acceso á fábrica, solicitaron ao vixiante que avisase ao Director sobre a súa intención de estar presentes na Asemblea convocada pola empresa, en cualidade de representantes legais dos traballadores/as, co obxecto de velar polos intereses dos operarios/as e de asesoralos, no seu caso.

Tras varios intentos errados do vixiante do acceso de pórse en contacto co Director da fábrica, apareceron, a bordo dun vehículo na entrada da factoría, tanto o Director da planta: Reinaldo José Saraiva Cruz de Valadares Coelho, como o Presidente do Grupo BA: Jorge Alexandre Tavarés Ferreira.

Sen saír do automóbil os seus ocupantes e logo de baixar a xanela do mesmo, solicitaron ao Presidente do Grupo BA a entrada na fábrica para asistir a tal reunión; momento no que procedeu a increpalos, chamándolles FASCISTAS, así como a PROHIBÍNDOLLES a asistencia a tal reunión, dirixíndose a eles en ton ameazante e desprezativo, dicíndolles que non estabamos convidados a estar presentes en reunión algunha, que se trataba dunha xunta del cos traballadores/as para arranxar o problema creado polo Comité de Empresa.

XXXIX.- Entre o 15 e o 17 de Marzo do 2009 celebrouse a 6ª quenda de folga. Apoio masivo dos traballadores e traballadoras, sen nengún tipo de incidentes.

XL.- Malia as reiteradas negativas da patronal a negociar, o 18 de Marzo do 2009, Manoel Anxo García Torres, no nome da CIG e do Comité de Folga, formulou convocatoria de negociación diante da Dirección da empresa, para o 24 de Marzo do 2009, co obxecto de tratar o seguintes temas:

- Alternativas para a solución do conflito.
- Negociación, no seu caso, dos servizos de seguranza e mantemento da próxima quenda da folga convocada.

XLI.- Entre o 29 e o 31 de Marzo do 2009 celebrouse a 7ª quenda de folga. Apoio masivo dos traballadores e traballadoras, sen nengún tipo de incidentes.

XLII.- En data 8 de abril de 2009 FERNANDO AMILIVIA GONZÁLEZ remitiulle ao Comité de empresa un escrito do seguinte teor literal:

“Como Vds. conocen, el pasado domingo 5 de abril, una vez que entraron los trabajadores designados como servicios de seguridad y mantenimiento para la nueva jornada de huelga iniciada a las 22 horas, y cuando se encontraban dentro de las instalaciones algunos de los miembros de ese Comité de Huelga, se lanzó un petardo a los palets de vidrio por parte de las personas que se encontraban fuera de las instalaciones, lo que originó un incendio inmediato que a no ser por la prontitud y diligencia de los vigilantes de seguridad que se encontraban en el acceso al recinto podría haber determinado un incendio en la totalidad de las instalaciones de la fábrica.

Entre los trabajadores que se encontraban en ese momento fuera de las instalaciones estaban dos miembros de ese Comité de Huelga, en concreto los Sres. Luís Ferreiro y Manuel José Barreiro.

Cuando llegaron los miembros del Comité de Huelga que en ese momento se encontraban dentro de las instalaciones y fueron informados sobre lo sucedido en el mismo lugar de los hechos, uno de ellos, en concreto el Sr. Manoel Anxo García, Secretario de Organización del sindicato CIG, cogió el petardo que se encontraba en los palets y avanzando hacia el límite de la fábrica lo tiró fuera de las instalaciones, desoyendo la decisión del responsable y titular de la fábrica que le indicó expresamente que lo dejara en su sitio, llegando incluso a forcejear entre ambos para evitar que se lograra dicho objetivo. Estos hechos tuvieron lugar en presencia de los representantes de la fábrica y de los vigilantes de seguridad, así como de los otros miembros de ese Comité de Huelga.

Como ya hemos indicado, que se arrojara un petardo sobre los palets fue un hecho muy grave que pudo determinar el incendio de la totalidad de las instalaciones, pero resulta todavía más sorprendente que uno de los miembros de dicho Comité de Huelga intentara con su actuación ocultar la prueba de estos hechos, con una total impunidad y falta de respeto hacia su propia responsabilidad debida como miembro de dicho Comité en situaciones de huelga.

Al momento de convocarse las primeras jornadas de huelga y, posteriormnete, para las que se vienen desarrollando en este momento, la empresa aceptó, en aras de lograr un entendimiento y sobre la base de la buena fe como principio de actuación en las relaciones laborales, que formaran parte de ese Comité de Huelga personas que no son trabajadores de la fábrica. Contrariamente, los hechos nos han demostrado que eseta situación no se puede mantener, pues entendemos que se está partiendo de una impunidad propiciada por la ajenidad laboral para poner en riesgo las instalaciones y llevar a cabo actuaciones que exceden con mucho de la diligencia debida para la gestión y buen fin del conflicto.

Por tanto, esta situación, contraria en todo caso a lo dispuesto en el artículo 5 del RD Ley 17/1977 y su posterior e inequívoca interpretación judicial, determina la decisión de la empresa, que se les comunica en este momento, en el sentido de que las personas designadas en dicho Comité de Huelga, que no son trabajadores del propio centro de trabajo, deberán cesar en sus nombramientos, pudiendo ser sustituidos, de así estimarlo el Comité de Huelga, por trabajadores de la propia fábrica o centro de trabajo.

Así, en concreto, los Sres. Manoel Anxo García Torres, Carlos Manuel Pérez Fernández y Luís Ferreiro Fernández, a partir de este momento, no podrán formar parte del Comité de Huelga, siéndoles impedida en todo momento la entrada en las instalaciones y en cualquier otra actuación ante la empresa que lleve a cabo dicho Comité de Huelga.

De esta comunicación se dará traslado a la Delegación Provincial de la Consejería de Trabajo de la Xunta de Galicia en Ourense y la Inspección Provincial de Trabajo de Ourense”.

XLIII.- O 23 de Abril do 2009 o sr. Reinaldo José Saraiva Cruz de Valadares Coelho, remesou un escrito ao Comité de Folga, do seguinte teor literal:

“Aún no hemos recibido constestación alguna por su parte en relación con la designación efectiva de las personas que deben cubrir los servicios de seguridad y mantenimiento para la jornada de huelga de este domingo 26 de Abril.

La composición de los servicios de seguridad es algo acordado con dicho Comité desde el principio, por lo que no se entiende su actuación, siendo esta jornada de huelga idéntica, en cuanto al contenido y duración, a todas y cada una de las anteriores realizadas.

Por lo tanto, la empresa, de non deponer de inmediato su actitud procederá a su comunicación unilateral a los trabajadores sin perjuicio de la conducta que quedaría evidenciada por ustedes, en relación con la huelga planteada”.

XLIV.- O mesmo día 23 de Abril do 2009, Manoel Anxo García e Plácido Valencia Rodríguez comunicaron á Dirección da empresa o seguinte:

“...Terceiro.-Que en base ao anterior, comunicámoslle o seguinte:

1º.- A única actitude que non se entende é a actitude da empresa, inventándose “supostas” irregularidades do Comité de Folga, no que atinxe á falta de resposta sobre os servizos mínimos; cando nen sequera percorreron 12 horas desde vostés enviaron a súa proposta de servizos de seguranza e mantemento e, o que é peor, esas 12 horas foron a maioría delas nocturnas.

2º.- Sobre o acordo para o establecemento de servizos de seguranza nas xornadas de folga; debemos lembrarlle que a única parte que o está a incumplir, sistematicamente, é a dirección da empresa; non entregando o multirequirido calendario coas datas previstas para a destrución da produción, establecendo criterios técnicos incertos sobre a necesidade de non dispor as máquinas a fio durante mais de dúas horas e, por último, “expulsando”, sen contar con competencias para iso, a varios membros do Comité de Folga.

Complementarmente, procede salientar o feito de que agora resulta que, segundo vostés, o acordo de servizos de seguranza e mantemento esta vixente. Deberían aclararse e indicarnos se está ou non está, posto que da comunicación enviada polo señor Amilivia o pasado 8 de Abril, o único que se deduce é a súa vontade de rachalo. Excluída, por vostés, unha das partes que subscribiron o acordo, non se pode pretender que o obxecto do mesmo sega producindo efectos para ambas partes....Trataríase dunha incongruencia e un abuso de dereito pola súa banda.

3º.- En relación ao que vostés teñan de facer, déixense de ameazar ao Comité de Folga e fágano; o mesmo imos facer nós coas súas acusacións e imputacións. É mais se, tras 12 horas (a meirande parte nocturnas) desde se comunicou a súa proposta ao comité, desexan vostés realizar unha comunicación unilateral dos servizos de seguranza aos afectados/as, será a súa responsabilidade. Iso si, deben coñecer que, de proceder así: sen ter permitido na práctica que o Comité de Folga poida examinar a súa proposta, tal acción será considerada nula polo Comité de Folga e analizada na próxima Asemblea de traballadores/as do 24 de Abril; actuándose en consecuencia fronte a unha decisión ilegal e nula.

4º.- Non lles imos recomendar que depoñan a súa actitude como fan vostés connosco, aínda que non estaría mal que pensasen ben o que fan. Pola contra, si imos indicarlles que o Comité está, neste momento, analizando a proposta enviada onte ás 12 da noite e será esta tarde sobre ás 19 ou 20 horas cando lle fagamos chegar as nosas alternativas e consideracións (como sempre se fixo até o momento). En todo caso, se cren que este prazo é excesivo para os seus intereses actúen como crean mais conveniente, nos darémoslle cumprida resposta a aquelas accións que consideremos ilícitas”.

XLV.- En data 6 de Maio de 2009, Manoel Anxo García Torres, Luis Ferreiro Fernández, Plácido Valencia Rodríguez, Rosa Martínez Rodríguez, Claudio Caballero Mendez, Francisco Rodríguez Atanes e Manuel José Barreiro Estévez promoveron, perante o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución de Xinzo da Limia, ACTO DE CONCILIAMENTO previo á presentación de querela por delictos de injurias e calumnias, contra Fernando Amilivia González.

XLVI.- En data 29 de Maio do 2009 celebrouse o acto de conciliamento previa á formulación de querela por delictos de injurias e calumnias, contra Fernando Amilivia González, sen que o conciliado comparecese ao acto.

XLVII.- A Confederación Intersindical Galega, o 15 de Xuño do 2009, tomou o acordo de convocar folga xeral, a desenvolver entre o 26 de Xuño e o 10 de Xullo do 2009, en todos os servizos, dependencias e centros de traballo das empresas Vidriera del Atlántico, S.A. (Xinzo da Limia) e Holvenespa, S.L. (Ourense), ambas adscritas ao Grupo BA VIDRO ESPAÑA; comunicándollo, en tempo e forma, aos afectados por tal declaración.

XLVIII.- O 22 de Xuño do 2009 o señor Director de RRHH enviou un fax á sede do Comité de Folga e da CIG en Xinzo da Limia, do seguinte teor literal:

“D. Fernando Amilivia González, con D.N.I. nº 9727487-M, como representante legal y Director de Recursos Humanos de la Empresa “Vidriera del Atlántico S.A.”, con domicilio en Parque Empresarial, 32630- Xinzo da Limia (Ourense), a los efectos oportunos manifiesta lo siguiente:

Que le han sido notificadas a la empresa vía fax –sin que a día de hoy se tenga constancia de su comunicación a la autoridad laboral, lo que de no confirmarse será valorado oportunamente- sendas convocatorias de huelga general, en un caso a la empresa Vidriera del Atlántico, S.A. y en otro, incluyendo también a esta y a la sociedad Holvenespa, S.L. y a varios almacenes ajenos a mi representada, para la realización de la misma desde las 22 horas del día 26 de junio hasta las 6 horas del día 10 de julio, todo ello del presente año.

Sin perjuicio de la reunión que pueda llevarse a cabo para la fijación de los servicios de seguridad, que luego se indicará, en la que se expondrá la posición de la empresa en relación con la actividad industrial de la fábrica durante los días de huelga, consideramos necesario poner en su conocimiento una serie de valoraciones y decisiones respecto de las convocatorias recibidas:

A) Respecto de los destinatarios de la convocatoria de huelga: Vidriera del Atlántico, S.A., Holvenespa, S.L. y almacenes de mercancías ajenos a mi representada.

Se presentan dos convocatorias de huelga, cuyo contenido es idéntico salvo en lo referente a los destinatarios de la misma y a los miembros del Comité de Huelga en cada una de ellas.

Esta forma de actuación consistente en presentar lo mismo pero a través de distintos actores, se utiliza nuevamente por el sindicato CIG, lo que constituye un fraude legal y un abuso de derecho que debe ser nuevamente denunciado.

Por una parte se formula una convocatoria de huelga frente a Vidriera del Atlántico, S.A., que como ya se conoce, es la sociedad plena o con personalidad jurídica que ostenta la condición de empleadora frente a los trabajadores que ejercitan su derecho a la huelga. ¿Qué más se necesita?.

Pues bien, en la convocatoria gemela, además de a la propia Vidriera del Atlántico, S.A., lo que conlleva una inequívoca unidad de actuación y valoración conjunta, se convoca la huelga frente a la entidad Holvenespa, S.L. y en relación con 3 almacenes, dos de ellos en Xinzo da Limia y otro en San Cibrao das Viñas, respecto de los que no se explica en modo alguno su relación con mi representada, y a los que se identifican como “centros de almacenamiento” con el nombre de su propietario.

Respecto de Holvenespa S.L., no tenemos duda alguna de que con su inclusión se pretende la argucia legal de considerar que la empresa posee más de un centro de trabajo, lo que no es cierto. Holvenespa S.L. no tiene actividad ninguna, se trata de una sociedad meramente tenedora de acciones, que no tiene condición de empresa al carecer de personal alguno. El denominado centro de trabajo en Rúa do Progreso, Ourense, es el domicilio de una asesoría fiscal ajena a mi representada.

Y, por otra parte, se lleva a cabo una convocatoria de huelga respecto de 3 almacenes ajenos a mi representada, que no son propiedad suya, con cuyos propietarios existe una relación mercantil de prestación de servicios. Pretender que una convocatoria de huelga afecte a dichos centros de trabajo excede con mucho el ámbito del derecho de huelga, y, evidentemente, quedará a la decisión de los mismos la respuesta oportuna de obstaculizarse o impedirse su actividad profesional y de sostener que la convocatoria de huelga les afecta.

Como quiera que esta comunicación de huelga en relación con estos centros de trabajo es ajena a mi representada y puede conculcar los derechos de terceros, daremos cuenta a dichos propietarios, a la autoridad laboral, Subdelegación del Gobierno y Fiscalía General de Ourense.

B) Respecto de los miembros del Comité de Huelga

Partiendo de lo indicado en el punto anterior, debemos analizar ahora la composición del Comité de Huelga que se pretende.

Resulta elocuente que en una de las dos convocatorias de huelga se haya cumplido finalmente lo dispuesto en el art. 5 del RDL 17/1977, al fijar como únicos miembros de dicho Comité a los trabajadores del propio centro de trabajo afectado por el conflicto, por lo que, parece ser, que ya se ha entendido el mandato legal.

Sin embargo, a través de la presentación de otra convocatoria, idéntica a la anterior, que se plantea también respecto a Vidriera del Atlántico, se ha pretendido la inclusión de asesores externos. Esta inclusión se sostiene, según se puede entender, por la argucia de considerar que mi representada posee más de un centro de trabajo. Pues no, ni Holvenespa puede ser considerada empresa ni empleadora, pues carece de actividad y personal laboral, ni dichos almacenes tienen relación alguna con mi representada, que no sea la estrictamente mercantil ya indicada.

Así pretenden ustedes que frente a una convocatoria de huelga, que afecta exclusivamente a la empresa Vidriera del Atlántico que se incluyan otros centros de trabajo para posibilitar la entrada de asesores externos en las instalaciones de la empresa, lo que ya ha tenido anteriormente una respuesta expresa por parte de la empresa.

Por tanto, como ya ocurriera anteriormente, los Sres. Manoel Anxo García Torres, Luís Ferreiro Fernández y, ahora, Antolín Fernández Álvarez, no podrán formar parte del Comité de Huelga, siéndoles impedida en todo momento la entrada en las instalaciones y en cualquier otra actuación ante la empresa que lleve a cabo el Comité de Huelga.

.....”

A Dirección da empresa, non satisfeita con violar a súa obriga de negociar unha solución ao conflito, con dilatar irresponsabelmente as reunións para o establecemento dos servizos de seguranza e mantemento e con acusar aos membros do Comité de Folga das súas propias contravencións, enviou ao Comité, xunto coa convocatoria de reunión, unha proposta “...para la fijación de los servicios de seguridad y mantenimiento durante las jornadas de huelga comprendidas entre el 26 de junio y el 10 de julio de 2009”, que se revela, na práctica, como un **PECHE PATRONAL AGACHADO E ILEGAL**, concebido para dar resposta ao exercicio do dereito de folga por parte dos traballadores/as e para facer fracasar o intento dos mesmos de efectivala e realizala.

En realidade, impúxose UN PECHÉ PATRONAL DE MAIS 70% DA SÚA CAPACIDADE PRODUTIVA, baixo a aparencia dunha proposta de servizos de seguranza e mantemento (téñase en conta que hai dúas liñas de dupla pinga e unha de pinga simple); para,

posteriormente, provocar un ataque ao emprego e aos dereitos dos traballadores/as da empresa, baixo a escusa dunha causa de forza maior.

XLIX.- O 30 de Xuño do 2009 a Confederación Intersindical Galega presentou denuncia contra a demandada, perante a Inspección Provincial de Traballo e Seguranza Social de Ourense, polos seguintes motivos:

- Violación do dereito á información e á participación do Comité de Empresa.
- Violación do dereito á liberdade sindical. Prohibición de acceso ás instalacións dos membros da central sindical CIG.
- Violación do dereito á liberdade sindical e folga. Negativa a negociar unha solución ao conflito e negativa a negociar os servizos de seguranza e mantemento das folgas.

L.- O 1 de Xullo do 2009 celebrouse unha mediación, instada polo Comité de Empresa, coa Dirección da VA, S.A. e mais ca Inspección de Traballo, que fracasou, perante a negativa empresarial a negociar cos representantes dos traballadores e centrais sindicais. Nise acto, o Presidente do Grupo BA e Directivo da VA, S.A.: anunciou, perante a Inspectora de Traballo: Dona Rocío de Frutos Madrazo: que, de seguir os traballadores/as coas súas medidas de protesta laboral, pecharía a empresa de Xinzo da Limia e que, mesmo, estaba disposto a, textualmente: "vender a factoría á Xunta de Galiza por 1 euro".

A Dirección da empresa emitiu un comunicado, dirixido aos traballadores, do seguinte teor literal:

"En el día de hoy se ha celebrado la mediación ante el AGA propuesta por las partes para la solución del conflicto que viene afectando a la fábrica de Vidriera del Atlántico en la localidad de Xinzo da Limia.

En la reunión se puso de manifiesto por parte de la empresa que la situación económica es cada vez más insostenible, con una falta total de liquidez y con unas cuantiosas pérdidas que se vienen arrastrando, situación que se ha visto agravada por las 9 jornadas de huelga iniciales, por tiempo de 32 horas cada una, y los 5 días que a fecha de hoy se han venido sufriendo por la convocatoria de esta última huelga iniciada el 26 de junio y por término de 15 días.

Asimismo, la empresa informó a los asistentes que hay envases producidos y en almacén que permitirán la atención de las ventas para los próximos 7 meses, y que algunos clientes ha decidido cancelar algunos pedidos por falta de seguridad de suministro que padece la planta."

LI.- O 4 de Xullo do 2009 o Comité de Empresa ollouse na obriga de desconvocar unha folga, previa e legalmente declarada, diante da acción de irresponsabilidade da Dirección da VA, S.A., **de pechar o funcionamento de dúas liñas de produción, pondo en risco a continuidade e futuro das instalacións.**

LII.- O 8 de Xullo do 2009 a Dirección da Empresa emitiu un comunicado, dirixido aos traballadores/as, do seguinte teor literal:

"Como ya tienen conocimiento, en la reunión de mediación llevada a cabo ante el AGA el pasado 1 de julio, se comunicó la intención de la empresa de dar por finalizadas las negociaciones para aprobar un convenio propio y, como consecuencia, la aplicación sin restricciones del convenio estatal del vidrio.

Como quiera que no ha sido posible alcanzar un acuerdo en tal sentido, lo que permitía la aplicación de un nuevo sistema de clasificación profesional, es necesario ahora llevar a cabo el cumplimiento del convenio estatal del vidrio en relación con dichas categorías profesionales.

En este sentido, a lo largo de esto tres meses, la empresa llevará a cabo el otorgamiento de las categorías profesionales que, de conformidad con los criterios establecidos en el convenio estatal, se evidencien necesarias en relación con las funciones desempeñadas. Sin más que manifestarles"

LIII.- O 10 de Xullo do 2009 a Dirección da Empresa entregou ao Presidente do Comité un comunicado do seguinte teor literal:

“Por la presente ponemos en su conocimiento el otorgamiento de categorías profesionales realizado por Vidriera del Atlántico, S.A. para los siguientes colaboradores.....(28 traballadores e traballadoras da empresa).

LIV.- O 11 de Xullo do 2009 a CIG formulou denuncia contra a demandada, perante a Inspección Provincial de Traballo e Seguranza Social de Ourense, polo seguintes motivos:

- Imposición de condicións infralegais aos traballadores/as. Violación do dereito á folga e á negociación colectiva. Falta de cotización á seguranza social.
- Cesión ilegal, defraudamento de lei dos contratos subscritos cos traballadores/as da ETT Sesa Start People, S.A. postos ao dispor da Vidreira do Atlántico, s.a.

LV.- Tamén o 11 de Xullo do 2009 o Comité de Empresa denunciou o peche patronal ilegal protagonizado pola Dirección da VA, S.A., nas citadas dúas liñas de produción, perante todo tipo de órganos da Administración (Subdelegación do Goberno en Ourense, Inspección Provincial de Traballo de Ourense, Delegación Territorial da Xunta de Galiza en Ourense, Dirección Xeral de Emerxencias da Xunta de Galiza, etc.), sen obter ningún tipo de resposta.

LVI.- Como chanzo seguinte da modificación substancial e do peche patronal, impostos nos meses de Xaneiro e Xuño do 2009 respectivamente; o 29 de Xullo do 2009 a Dirección da Empresa entregou ao Comité unha nova comunicación anunciando, textualmente, a paralización da produción nunha das tres liñas da fábrica. Textualmente:

“Ponemos en su conocimiento que el Consejo de Administración de la Sociedad ha decidido que a partir del próximo 31 de julio se lleve a cabo una parada temporal de la línea 12 de la fábrica con la finalidad de regular la producción del centro de trabajo, reanudándose la actividad de la línea al momento inmediato en que se regularice el stock existente, cuya evolución les será comunicada.

Como ya se les ha venido informando, la fábrica de Vidriera del Atlántico tiene almacenado actualmente un importante stock o exceso de producción que pone en riesgo la viabilidad del centro de trabajo.

Con dicho exceso de producción la empresa puede dar atención a las ventas que se lleven a cabo por término de los próximos 7 meses, siendo un total de 20.000 toneladas las que se encuentran útiles para la venta en nuestros almacenes.

Con esta parada no se ha planteado previamente la adopción de una medida de suspensión de los contratos de trabajo o cualquier otra decisión en tal sentido que afecte al colectivo de trabajadores, pues es intención de la empresa que la mismo no suponga, en la medida de lo posible, ninguna alteración de la actividad normal del centro de trabajo”.

LVII.- Igualmente o 29 de Xullo do 2009, baixo a aparencia de extincións obxectivas individuais, a empresa voltou a intentar contra o dereito de folga e liberdade sindical, despedindo, tal e como tiña anunciado, aos afiliados da CIG e traballadores/as da factoría limiá: Rubén Rodríguez Díaz e Gonzalo López Rodríguez.

A Dirección da VA, S.A. tentou desmantelar os talleres de moldes da fábrica de Xinzo, reducindo 3 dos 6 mecánicos e aducindo que se trataba dunha reorganización para afrontar mellor o futuro; en absoluta contradición co que agora se di no procedemento concursal.

Entregóuselle aos traballadores a comunicación que se transcribe:

“Ponemos en su conocimiento que la Dirección de la Empresa, de conformidad con lo establecido en el apartado c) del art. 52 del Estatuto de los Trabajadores, ha acordado procede a la extinción de su contrato de trabajo por causas objetivas, lo que tendrá efectos del día de hoy.

Las razones que ha motiva la presente decisión vienen fundamentadas por la reorganización del taller de moldes al cual pertenece Vd. Como mecánico ajustador de moldes.

Como Vd. conoce, a día de hoy del talle de moldes lleva a cabo la reparación de los moldes, así como de los accesorios que se encuentran en curso de producción y la preparación de los que se precisan para los cambios de producción. En este sentido, y dada la limitación de las máquinas y equipamientos existentes sólo se realizan en el taller reparaciones

sencillas, pequeñas alteraciones de herramientas y reparaciones de moldes que se encuentran en producción. Como usted bien sabe, las reparaciones más profundas y complejas tienen que ser realizadas recurriendo a talleres profesionales externos a la planta ya que el personal como usted no tiene la habilitación, cualificación, ni formación para tales tareas.

Analizando la carga de trabajo y las tareas que se desarrollan en el taller de moldes, se ha constatado que existe una necesidad de su actual estructura en materia de rectificado y torneado de moldes.

La necesidad detectada requerirá que la compañía realice las gestiones precisas para proceder a la adquisición de otro torno para la planta. Por otra parte, y en sentido contrario, se ha evidenciado que es excesivo el número de mecánicos ajustadores que prestan su trabajo a turnos, cuya labor se concreta precisamente en esas sencillas tareas que se ha comentado en párrafos precedentes y que no resuelve las necesidades de la planta.

Esas tareas las realizan en la actualidad un número total de 6 personas, a razón de dos por turno. La presente decisión tiene como objeto que se eliminen tres puestos de trabajo de mecánico ajustador del taller de moldes, uno por turno, lo que precisará que además de no cubrirse la vacante de mecánico actualmente existente por baja voluntaria, se procede al despido objetivo de dos trabajadores, entre los cuales se encuentra usted, lo que fijará la nueva estructura del taller de moldes.

En este sentido, indicar que la actual estructura del taller de moldes se concreta en:

- Un jefe de taller, un técnico de moldes y un mecánico tornero, todos ellos a jornada partida.
- Seis mecánicos ajustadores, todos ellos con jornada a turnos, a razón de dos trabajadores por turno.

Y que pasaría a ser del siguiente modo:

- Jornada Partida: un jefe de moldes y máquinas, un técnico de moldes y dos torneros.
- Jornada a Turnos: 3 mecánicos, a razón de un mecánico por turno.

Las razones expuestas, englobadas de forma inequívoca en el supuesto previsto en el ya citado apartado c) del art. 52 del Estatuto de los Trabajadores, dada la necesidad objetivamente acreditada de amortizar el puesto de trabajo, viene dada por causas organizativas que tienen como finalidad sustancial una mejor organización y optimización de los recursos de la Empresa.

Así, en cumplimiento de los requisitos formales que exige el Estatuto de los Trabajadores, ponemos a su disposición, simultáneamente a la entrega de esta comunicación, la indemnización correspondiente que establece el art 53, correspondiente a 20 días de salario por cada año de servicio a la empresa, lo que en su caso concreto, teniendo en cuenta una antigüedad de 21 de junio de 2001 y un salario anual de 17.484,17 euros, nos da un importe indemnizatorio de 7.744,12 euros.

Y a dicha cifra se suma, asimismo, el importe de 1.055,68 euros relativo al salario neto de una mensualidad que supone el preaviso que la empresa omite como consecuencia de adoptarse los efectos de la presente medida con fecha de hoy.

Por todo ello, le rogamos acuse recibo en la copia de la presente, la cual se acompaña del oportuno cheque bancario de fecha de hoy, nominativo a su favor, número 0.560.689-5, contra la cuenta de la empresa, en la entidad Bankinter, por la suma de todos los importes antes manifestados, lo cual asciende a 8.799,80 euros (ocho mil setecientos noventa y nueve euros con ochenta céntimos).

De la presente carta de despido se dará comunicación a la representación legal de los trabajadores.

Asimismo, ponemos a su disposición la liquidación oportuna.

Atentamente

Fernando Amilivia González

Vidriera del Atlántico, S.A.”

LVIII.- O mesmo 29 de Xullo do 2009 a Dirección da Empresa entregou á Secretaria do Comité de Empresa a seguinte comunicación:

“Muy Sra. Nuestra:

Por medio de la presente procedemos a informarle que la Dirección de esta Empresa ha tomado la decisión de proceder a los despidos por causas objetivas de los trabajadores D. Gonzalo López Rodríguez y D. Rubén Rodríguez Díaz, que tienen efectos desde el día de hoy.

Hacemos entrega en el presente acto de una copia del escrito en el que se comunica a los trabajadores la decisión adoptada.

Sin más que manifestarle

Fdo. La Dirección.”

LIX.- Tamén o 29 de Xullo do 2009 a Dirección da Empresa emitiu o seguinte comunicado, dirixido ao Comité de Empresa:

“Por la presente ponemos en su conocimiento el otorgamiento de categorías profesionales realizado por Vidriera del Atlántico, S.A. para los siguientes colaboradores:

.....(4 traballadores e traballadoras da empresa).

LX.- O propio 29 de Xullo do 2009, a Dirección do Grupo BA decidiu paralizar a produción da liña 13 da fábrica, deixando sen ocupación efectiva a mais de 20

traballadores/as e voltando a reducir a súa capacidade produtiva en Xinzo, para desviala a outras fábricas do Grupo BA. Xa só operan 2 liñas de produción na VA, S.A.

LXI.- O 7 de Agosto do 2009 o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución de Xinzo da Limia (D.P. PA: 411/2009) ditou Auto polo que, tendo por presentada querela, polos integrantes do Comité de Empresa da VA, S.A., contra o Director de RRHH do Grupo BA, S.A., don Fernando Amilivia González; acordou a súa admisión e tramitación da mesma.

LXII.- O 12 de Agosto do 2009, o Comité de Empresa e a CIG denunciaron o peche da liña 13, perante a Delegación Territorial da Xunta de Galiza en Ourense, sen obter ningún tipo de resposta e, menos, se instruírse actuación algunha por parte da Administración.

Detallados os anteriores antecedentes, procedemos a fixación dos seguintes,

FEITOS:

1º.- O día 15 de Setembro do 2009, o medio económico especializado: ALIMARKET analizou publicamente a situación económica da BA e concluíu que grazas a VA, S.A. o Grupo BA ocupou co 13% do mercado español do vidro.

2º.- O día 28 de Setembro do 2009 o Grupo BA invistiu uns 30 millóns de euros na empresa: LA SEDA DE BARCELONA, unha mercantil cunha situación económica e patrimonial de desequilibrio por perdas e, practicamente, abocada ao concurso.

3º.- Entre os meses de Setembro e Outubro 2009 o Comité de Empresa da VA, S.A. detectou o inicio dun progresivo valeirado dos armacéns da Vidreira do Atlántico, S.A. e consecuente desaparición de existencias.

Débase lembrar que foi a propia Dirección da VA, S.A. a que o 29 de Xullo do 2009 sinalou o seguinte, en relación co exceso de produción e stock de existencias da factoría:

“Como va se les ha venido informando, la fábrica de Vidriera del Atlántico tiene almacenado actualmente un iportante stock o exceso de producción que pone en riesto la viabilidad del centro de trabajo.

Con dicho exceso de producción la empresa puede dar atención a las ventas que se lleven a cabo por término de los próximos 7 meses, siendo un total de 20.000 toneladas las que se encuentran útiles para la venta en nuestro almacenes”

4º.- O día 27 de Outubro do 2009 a Xunta Xeral Extraordinaria e Universal de socios da empresa Vidreira do Atlántico, S.A., tomou os seguintes acordos, publicados no BORME en datas 28 de Outubro do 2009 e 15 de Decembro do 2009, baixo os números 31365 e 522061:

- A redución de capital na cifra de 6.372.144 euros, coa finalidade de reestabelecer o equilibrio entre o capital social e o patrimonio da sociedade diminuído por consecuencia de perdas, mediante a diminución do valor nominal das accións na contía de 30,40 € por acción.
- A fixación do capital social resultante na cifra de 6.225.417 euros., pasando, consecuentemente, a valorarse cada acción na contía de 29,70 euros.

5º.- O día 24 de Novembro do 2009 o Xulgado Social nº 1 de Ourense (Autos 824/09 e acumulado 825/09) publicou a súa sentenza nº 790/09, pola que, declarando nulo o despedimento efectuado de dous afiliados da CIG, **por violación do seu dereito**

fundamental á folga, condeou á empresa VA, S.A. á readmitilos e a indemnizalos, por danos e prexuízos morais na contía de 1500 euros a cada un.

6º.- O día 30 de Novembro do 2009, a Empresa VA, S.A. presentou demanda de concurso voluntario de acredores/as, perante o Xulgado de 1ª Instancia nº 4 de Ourense.

7º.- Que, en data 4 de Decembro do 2009, a empresa Vidriera del Atlántico, S.A., entregou á Secretaria do Comité de Empresa e representante legal dos traballadores e traballadoras: Rosa Martínez Rodríguez, unha **nota de prensa**, a meio da que se lle informou que o día 30/11/2009 a sociedade Vidriera del Atlántico, S.A., formulara solicitude de declaración de concurso de acredores perante o Xulgado Mercantil de Ourense, sen mais aclaracións.

9º.- Que, ise mesmo día, o Director Xerente da fábrica: Don Reinaldo José Saraiva Cruz de Valadares Coelho comunicou á Secretaria do Comité de Empresa e a varios operarios da fábrica, textualmente, que: *“podían facer o que quixeran coas instalacións que agora o peche era cuestión de días”* e, ademais, invitounos a facerse coa dirección e control das instalacións, asegurándolle que se querían, textualmente, *“podían sangrar o forno”*.

10º.- Que tamén, o día 4 de Decembro do 2009, o Director Xerente da fábrica notificou aos dous afiliados da CIG que tiñan visto violado o seu dereito fundamental a folga, por parte da VA, S.A. que, en cumprimento da sentenza do Xulgado Social nº 1, pola que se declarara a nulidade dos seus despedimentos, se tomaba a decisión de readmisión, alta na seguranza social, pagamento de salarios; mais, tamén, a **EXENCIÓN DA OBRIGA DE IR TRABALLAR.**

11º.- Que, o día 9 de Decembro do 2009, o Xulgado de 1ª Instancia nº 4 de Ourense ditou Auto, declarando en concurso voluntario á empresa Vidriera del Atlántico, S.A., sen facer pronunciamento expreso sobre a petición de medida cautelar contida na solicitude formulada, polo tanto denegándoa tacitamente.

12º.- Que, o día 10 de Decembro do 2009, comparecín perante ese Xulgado, no nome e representación de 73 traballadores e traballadoras da empresa Vidreira do Atlántico, S.A., solicitando, entre outros, que se me considerase parte no proceso concursal instado pola empresa Vidriera del Atlántico, S.A.

13º.- Que, o día 16 de Decembro do 2009, por providencia da titular do Xulgado, acordouse terme por parte no proceso concursal, en representación dos meus mandantes; entregándoseme, o día 17 de Decembro do 2009, copia íntegra da demanda, documentación achegada pola solicitante do concurso, Auto do 9/12/09 polo que se admitiu a solicitude de concurso e a propia providencia.

14º.- Que, asemade, o día 16 de Decembro do 2009 (notificado o 17/12/09), a compañía concursada reiterou a solicitude formulada no escrito inicial de declaración de concurso, no que atinxe a que o Xulgado decretase unha medida cautelar, consistente no valeirado do forno de fusión da compañía limiá; na práctica, o pechamento da empresa antes da resolución do procedemento concursal.

15º.- Que ás 20.000 toneladas de produto, recoñecidas como depositadas nos armacéns da VA, S.A. en Xinzo da Limia e Ourense (29/07/09), hai que engadirlle as toneladas producidas na xeira 01/08/09 a 30/11/09 (122 días), que a unha media de 100 toneladas/día de extracción de vidro no forno de fusión, con 2 liñas de produción en funcionamento, ascenden á cifra de 12.200 toneladas mais. En total, o día da presentación do concurso debía existir un stock aproximado de 32.200 toneladas, sen contar coas

producidas a partir do 30 de Novembro do 2009 que, a data da presentación deste escrito (21/12/09), suporían 2100 Toneladas mais.

A realidade é que a día de hoxe, teñen sido transportadas, dende o mes de Setembro do 2009, nuns 700 camións e, xa que logo, deslocalizadas, por orde da Dirección da VA, S.A. e o Grupo BA, S.A., aproximadamente, 20.000 toneladas de produto; cantidade que equivale a uns 7.777.700 euros., a un prezo promedio do ano 2007.

- 1 camiión: 28.570 kg (28,57 tns.)
- Palets por 1 camiión
28.750/900 = 31,74 palets
- 700 camiións * 28.570 kgs = 20.000.000 kgs. (20.000 tns.)
- Prezo promedio por 1 palet
ano 2007: 350 €
- Peso de 1 palet: 900,00 kgs.
- Palets en 700 camiións
20.000.000/900 = 22.222 palets.
- Valor aproximado dos palets
22.222 * 350 € = **7.777.700 €**

15º.- Que, tras a publicación do Auto, polo que se declarou o concurso na empresa Vidriera del Atlántico, S.A., o Director Xerente da factoría de Xinzo da Limia: Don Reinaldo José Saraiva Cruz de Valadares Coelho, diu orde de facer desaparecer e retirar de todos os bens móbeis e inmóbeis da factoría, os símbolos, logotipos e sinais de identidade corporativa do grupo BA Vidrio, S.A., sendo substituídos por símbolos, logotipos e sinais de identidade corporativa da empresa Vidriera del Atlántico, S.A.; nun evidente intento de desligar e desconectar a factoría de Xinzo da Limia, da dirección única á que veu respostando desde fora mercada no mes de Xuño do 2008: o Grupo BA Vidrio, S.A.

16º.- Que, por constituír os argumentos nos que se substenta a solicitude da medida cautelar, na maioría dos casos, imputacións infundadas, falsas e, mesmo, inxuriosas contra os integrantes do Comité de Empresa, os membros da CIG e os propios traballadores e traballadoras da concursada; temos por reproducido neste apartado a alegación primeira da solicitude efectuada pola representación da Vidreira do Atlántico, S.A., no escrito do 16/12/09, de reiteración da solicitude de medida cautelar, denegada tacitamente por Auto do Xulgado ditado o día 9 de Decembro do 2009; aos efectos que logo se exporán no apartado de fundamentos xurídicos desta acción.

A tais feitos son de aplicacións os seguintes,

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

(A)

Lexislación, obxecto e natureza das medidas cautelares no proceso concursal:

O apartado II da exposición de motivos da Lei Orgánica 8/2003, de 9 de Xuño, para a reforma concursal, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, determina, literalmente:

“El carácter universal del concurso justifica la concentración en un sólo órgano judicial de las materias que se consideran de especial trascendencia para el patrimonio del deudor, lo que lleva a atribuir al juez del concurso jurisdicción exclusiva y excluyente en materias como todas las ejecuciones y medidas cautelares que puedan adoptarse en relación con el patrimonio del concursado por cualesquiera órganos jurisdiccionales o administrativos, así como determinados asuntos que, en principio, son de la competencia de los juzgados y tribunales del orden social, pero que por incidir en la situación patrimonial del concursado y en aras de la unidad del procedimiento no deben resolverse por separado.

O artigo 1º da Lei 8/2003, de 9 de Xuño, para a reforma concursal, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, preceptúa o seguinte:

“Artículo primero. Efectos del concurso sobre derechos fundamentales del concursado.

1. Desde la admisión a trámite de la solicitud de declaración de concurso necesario, a instancias del legitimado para instarlo, o desde la declaración de concurso, de oficio o a instancia de cualquier interesado, y tanto en los casos de suspensión como en los de intervención de las facultades de administración y disposición del deudor sobre su patrimonio, el juez podrá acordar en cualquier estado del procedimiento las siguientes medidas:

- 1. La intervención de las comunicaciones del deudor, con garantía del secreto de los contenidos que sean ajenos al interés del concurso.*
- 2. El deber de residencia del deudor persona natural en la población de su domicilio. Si el deudor incumpliera este deber o existieran razones fundadas para temer que pudiera incumplirlo, el juez podrá adoptar las medidas que considere necesarias, incluido el arresto domiciliario.*
- 3. La entrada en el domicilio del deudor y su registro.*

2. Si se tratare del concurso de una persona jurídica, las medidas previstas en el apartado anterior podrán acordarse también respecto de todos o alguno de sus administradores o liquidadores, tanto de quienes lo sean en el momento de la solicitud de declaración de concurso como de los que lo hubieran sido dentro de los dos años anteriores.

3. La adopción de cualquiera de las medidas descritas en el apartado 1 de este artículo se acordará previa audiencia del Ministerio Fiscal y mediante decisión judicial motivada, conforme a los siguientes criterios:

- a. La idoneidad de la medida en relación con el estado del procedimiento de concurso;*
- b. El resultado u objetivo perseguido, que se expondrá de manera concreta;*
- c. La proporcionalidad entre el alcance de cada medida y el resultado u objetivo perseguido;*
- d. La duración de la medida, con fijación del tiempo máximo de vigencia, que no podrá exceder del estrictamente necesario para asegurar el resultado u objetivo perseguido, sin perjuicio de que, de persistir los motivos que justificaron la medida, el juez acuerde su prórroga con los mismos requisitos que su adopción. Durante el tiempo de vigencia de la medida, el juez podrá acordar en cualquier momento su atenuación o cese.*

4. La intervención de las comunicaciones telefónicas deberá realizarse conforme a lo previsto en la Ley de Enjuiciamiento Criminal.

5. La autorización judicial de entrada y registro en el domicilio del deudor o de las personas a las que se refiere el apartado 2 de este artículo, cuando nieguen su consentimiento, habrá de basarse en indicios racionales de existencia de documentos de interés para el procedimiento concursal, no aportados, o en la necesidad de esta medida para la adopción de cualquier otra procedente.

6. Las decisiones judiciales estimatorias podrán ser recurridas en apelación por el deudor en el plazo de cinco días, sin efectos suspensivos, ante la Audiencia Provincial. Este recurso tendrá tramitación preferente”.

O artigo 17 da Lei 22/2003, de 9 de Xullo, Concursal regula os supostos nos que se pode solicitar e, no seu caso, conceder, **con anterioridade á declaración de concurso**, medidas cautelares no marco dese procedemento. Textualmente:

“Artículo 17. Medidas cautelares anteriores a la declaración de concurso.

1. A petición del legitimado para instar el concurso necesario, el juez, al admitir a trámite la solicitud, podrá adoptar las medidas cautelares que considere necesarias para asegurar la integridad del patrimonio del deudor, de conformidad con lo previsto en la Ley de Enjuiciamiento Civil.

2. El juez podrá pedir al solicitante que preste fianza para responder de los eventuales daños y perjuicios que las medidas cautelares pudieran producir al deudor si la solicitud de declaración de concurso resultara finalmente desestimada.

3. Declarado el concurso o desestimada la solicitud, el juez del concurso se pronunciará sobre la eficacia de las medidas cautelares”.

O artigo 21.1.4º da Lei 22/2003, de 9 de Xullo, Concursal regula os supostos nos que se pode solicitar e, no seu caso, conceder, **con anterioridade á aceptación do cargo polos Administradores/as concursais**, medidas cautelares no marco dese procedemento. Textualmente:

“Artículo 21. Auto de declaración de concurso.

1. El auto de declaración de concurso contendrá los siguientes pronunciamientos.

- 4. En su caso, las medidas cautelares que el juez considere necesarias para asegurar la integridad, la conservación o la administración del patrimonio del deudor hasta que los administradores concursales acepten el cargo”.*

Consonte co disposto nos artigos 721 a 747 da Lei de Axuizamento Civil (LAC) as actividades procesuais de aseguramento son aquelas que teñen por obxecto garantir a

eficacia dos resultados dun proceso; existindo no dereito español dúas clases de medidas cautelares:

- Un primeiro grupo composto polas que tenden a proporcionar ou conservar (á parte interesada) unha posición necesaria ou xuridicamente conveniente no proceso: proba anticipada, ocupación dos libros de contabilidade e documentos do proceso de execución xeral e concursal, etc.
- O segundo xénero, constitúeno as que teñen por obxecto garantir a efectividade das sentenzas de contido económico ou condenatorias á realización de actos ou omisións que teñen de recaír en procesos futuros ou pendentos, que veñen motivadas polo temor da insolvencia, de desaparición das cousas e do empobrecimento dos bens produtivos, por má administración ou semellante, ou simplemente pola molestia que ao demandante poida producir a continuación do estado actual deca recaia a decisión; consideracións todas elas que prevalecen sobre o criterio de agardar até a produción da resolución firme.

As medidas cautelares poden definirse como as que se adoptan xudicialmente, antes ou no curso do proceso declarativo, para evitar que o estado das cousas, coetáneo ao indicio da pendencia, se altere ou modifique en prexuízo da efectividade da sentenza que teña de recaír. Agora ben, tendo en conta que o efecto das medidas cautelares produce cando aínda o dereito é incerto ou non recoñecido por unha decisión xudicial, e a posibilidade de que se produzan danos morais ou materiais á persoa que as sofre, ás medidas cautelares súxíntase a requisitos taxativos para o seu outorgamento, procurando ademais que se leven a efecto do xeito menos oneroso posíbel. Ademais, asígnaselle o carácter de provisionalidade e para a súa concesión adoitase esixir caucións ou contratutelas, todo iso co fin de que se soliciten cando se teña unha convicción firme sobre a procedencia das mesmas.

Como queira que o desenvolvemento do proceso esixe, o curso dun espazo temporal máis ou menos longo, pode ocorrer e, de facto acontece, que se xeren situacións que veñan a dificultar ou imposibilitar de todo punto a **execución da resolución que no seu día se dite e mesmo que o propio demandado (debedor) leve a termo determinadas actuacións que convirían en ilusoria tal resolución.** As medidas cautelares tenden pois a evitar o perigo da mora, porque os litigantes que durante o proceso conservan a súa capacidade de actuar e libre disposición dos seus bens poden eludir a virtualidade da responsabilidade patrimonial universal, que é a garantía de cumprimento de todas as súas obrigas. **Preséntanse pois como medios xurídico-procesuais que teñen como finalidade evitar que se realicen actos que impidan ou dificulten a efectividade da satisfacción da pretensión.**

O inicial fundamento da tutela cautelar está na tramitación mesma do proceso, consagrándose un principio segundo o cal o tempo preciso para ter razón non debe voltar en contra de quen ten razón, e a necesidade de acudir ao proceso para obter a razón non debe prexudicar a quen ten a razón (TS 4-12-90).

(B)

Obxecto do concurso de acredores/as. Posición procesual do concursado voluntariamente. Obriga de mantemento da normalidade laboral e a actividade durante o proceso. Atribución ao concursado do dereito a conservar as facultades de administración e disposición sobre o seu patrimonio. Falta de lexitimación activa do concursado para ser beneficiario da xustiza cautelar.

1. *Obxecto do concurso voluntario de acredores/as:*

A solución concursal é a alternativa dada pola lexislación española perante unha situación de insolvencia, en interese do debedor, dos acredores e do mercado. O lexislador tratou de fomentar a utilización do concurso de acredores como mecanismo de solución das crises económicas especialmente das empresas.

O dereito concursal que se configura a partires da reforma do 2003 persegue que o concurso de acredores constitúa un eficaz instrumento técnico para solucionar, pola vía do convenio ou da liquidación, o problema que para os acredores representa a insolvencia do debedor común.

A tutela dos acredores –finalidade orixinaria do procedemento concursal- perséguese configurando o convenio como a solución normal que a lei pretende dar ás situacións derivadas da insuficiencia patrimonial do debedor, para facer fronte ás súas débedas perante unha colectividade de acredores que concorren para facer efectivos os seus dereitos de creto, configurándose a liquidación como solución subsidiaria.

2. Posición procesal do concursado voluntariamente:

O propio debedor está lexitimado para instar a declaración de concurso e, mesmo, fica obrigado a facelo nun determinado prazo temporal (2 e 6 meses) desde coñece a situación de insolvencia. A solicitude de concurso retrasada ou serodia, presentada fora de prazo, dá lugar ao incumprimento do deber legal e determina a presunción de dolo ou culpa grave, de cara a cualificación como culpábel do concurso (LCon artigo 165.1º).

Con todo, a posición do debedor, non deixa de ser a de “concurtido”, ou suxeito pasivo da acción concursal; neste caso, a petición propia. É dicir, o concurtido, polo feito de dispor da posibilidade de solicitar o concurso voluntariamente, non pasa a ocupar a posición procesal de suxeito activo do concurso (acreedor/a); senón que mantén a situación de pasiva (debedor), como responsábel das consecuencias da súa imposibilidade de cumprir coa obriga de pagamento. Resulta transcendente esta disquisición a efectos, do que posteriormente se concluirá, no que atinxe á falta de lexitimación activa do concurtido para beneficiarse da xustiza cautelar; prevista, precisamente, para o contrario do pretendido pola representación procesal da Vidreira do Atlántico, S.A.: para asegurar que o “debedor”, poida realizar actos que poñan en perigo a executividade da futura sentenza e, con iso, prexudicar ao “acreedor”.

3. Obriga de mantemento da normalidade laboral e a actividade durante o proceso:

Con carácter xeral, a declaración de concurso nen produce o cesamento das actividades da persoa concursada, nen afecta a vixencia dos contratos laborais subscritos pola mesma. O artigo 44 da Lei concursal determina, literalmente:

“Continuación del ejercicio de la actividad profesional o empresarial.

1. La declaración de concurso no interrumpirá la continuación de la actividad profesional o empresarial que viniera ejerciendo el deudor.

2. En caso de intervención, y con el fin de facilitar la continuación de la actividad profesional o empresarial del deudor, la administración concursal podrá determinar los actos u operaciones propios del giro o tráfico de aquella actividad que, por razón de su naturaleza o cuantía, quedan autorizados con carácter general.

No obstante lo establecido en el apartado anterior, y sin perjuicio de las medidas cautelares que hubiera adoptado el juez al declarar el concurso, hasta la aceptación de los administradores concursales el deudor podrá realizar los actos propios de su giro o tráfico que sean imprescindibles para la continuación de su actividad, siempre que se ajusten a las condiciones normales del mercado.

3. En caso de suspensión de las facultades de administración y disposición del deudor, corresponderá a la administración concursal adoptar las medidas necesarias para la continuación de la actividad profesional o empresarial.

4. Como excepción a lo dispuesto en los apartados anteriores, el juez, a solicitud de la administración concursal y previa audiencia del deudor y de los representantes de los trabajadores de la empresa, podrá acordar mediante auto el cierre de la

totalidad o de parte de las oficinas, establecimientos o explotaciones de que fuera titular el deudor, así como, cuando ejerciera una actividad empresarial, el cese o la suspensión, total o parcial, de ésta.
Cuando estas medidas supongan la extinción, suspensión o modificación colectivas de los contratos de trabajo, el juez actuará conforme a lo establecido en el párrafo 2 del artículo 8 y en el artículo 64.

Pola súa banda, o artigo 40.1 da Lei Concursal establece, no caso de concurso voluntario, que o debedor poida conservar as facultades de administración e disposición sobre o seu patrimonio, se así o decide o xuíz (como aconteceu neste caso); atribuíndoselle ao concursado o deber de continuidade da súa actividade profesional ou empresarial, baixo a "supervisión" dos administradores concursais. En consecuencia, ambos son responsábeis da xestión do negocio, mentres se substancie o proceso concursal. O pechamento ou a suspensión da actividade do concursado tan só pode ser decidida polo xuíz, **con carácter excepcional**, previa solicitude do administrador e consulta cos representantes legais dos traballadores e traballadoras.

A maiores, cómpre salientar que para o suposto dunha eventual solicitude de cesamento da actividade, por parte do administrador concursal, que implique extinción, suspensión ou modificación colectiva dos contratos de traballo, o xuíz debe proceder, dacordo co previsto no artigo 64 da Lei Concursal, en relación co período de consultas aos traballadores/as, previo a adopción da decisión que proceda.

4. Atribución ao concursado do dereito a conservar as facultades de administración e disposición sobre o seu patrimonio:

Como xa se sinalou no anterior apartado o debedor pode, dacordo co artigo 40 da L. Con., conservar as súas facultades de administración e disposición do patrimonio. Este é, precisamente, o caso que nos ocupa, ao terse decidido así pola xuíz, no seu Auto de data 9 de Decembro do 2009. Pois ben, con independencia de que esta representación no momento oportuno requira o cambio de tal decisión, debemos significar que a medida cautelar que aquí se impugna é absolutamente contraria ao papel que procesualmente se reserva ao debedor, polo seguinte motivo:

- Porque a solicitude de paralización do forno de fusión, fundamentada nunha serie de imputacións falsas e, mesmo, en inxurias das que se falará nos seguintes apartados, implicaría o efecto contrario ao "supostamente" pretendido pola Dirección do Grupo BA, S.A. e, de facto, supón a renuncia da Dirección da VA, S.A. e do Grupo BA, S.A. á manter e conservar as súas facultades de administración e disposición do patrimonio.

Resulta irónicamente contradictorio que para "conservar e administrar o patrimonio", se pretenda a paralización do forno de fusión, por canto, ao tratarse do "motor" da empresa, tal detención aparellaría automaticamente o peche efectivo e definitivo da fábrica e, consecuentemente, a caída en picado do seu valor patrimonial, ademais de consecuencias de toda índole, non só en materia mercantil e económica, senón tamén laboral. En realidade, como sempre se ven practicando por parte dos directivos do Grupo BA, S.A. (que son exactamente os mesmos que os da V.A., S.A.), estamos diante dunha acción mais en defraudamento de lei; esta para conseguir, baixo a aparencia de "non se sabe que perigo sindicalista", unha disolución de facto e irreversíbel da empresa V.A., S.A., que antecipe con carácter previo a que a xuíz se pronuncie as consecuencias dunha "suposta" insolvencia que, como se argumentará na acción correspondente que esta parte ha formular, constitúe unha simple pantalla legal dirixida a agachar a realidade, no campo económico, dunha dirección e organización única da VA, S.A. e do Grupo BA Vidrio, S.A. e, no campo laboral e sindical, dunha constante e permanente violación dos dereitos fundamentais dos traballadores/as que torna, a xuízo desta parte, en nula a acción de concurso voluntario de acredores/as emprendida.

Mais, como xa se dixo afondaremos na nosa teoría do defraudamento de lei en próximos apartados e, concretamente, na acción que se interporá e que ficou anunciada. Agora, porén, toca centrármonos na contradición que leva implícita a circunstancia de ter atribuído o dereito administrar e conservar o patrimonio e, simultaneamente, requirir o cese anticipado da actividade en base a que o empresario e debedor di que non é quen de garantir a seguraza nas súas instalacións. Pois ben, sen abordar aínda o argumento de por qué se afirma que non se pode garantir a seguraza nas instalacións, cabe extraer das manifestacións do empresario unha primeira e clara conclusión: en realidade, o que non se garante é a administración e xestión do propio patrimonio. Semella, de todo en todo contradictorio, aceptar a xestión patrimonial e, ao mesmo tempo, solicitar o cesamento da actividade porque non se pode garantir tal administración. O cesamento anticipado da actividade é unha posibilidade excepcional, non ordinaria, que, neste asunto, xera mais problemas que beneficios e que, en todo caso, implica o contrario a ADMINISTRACIÓN DO PATRIMONIO: A NON ADMINISTRACIÓN DO PATRIMONIO.

Así as cousas, temos de concluír, en primeiro termo, que o empresario NON QUERE SEGUER A ADMINISTRAR O PATRIMONIO, aínda que o disface baixo unha serie de perigos inexistente, como logo se acreditará. Daquela sería conveniente que a xulgadora avaliasse a posibilidade de reconsiderar a súa decisión e suspender o dereito de administración e xestión patrimonial, atribuíndollo aos propios administradores concursais, para garantir a xestión do patrimonio.

5. Falta de lexitimación activa do concursado para ser beneficiario da xustiza cautelar:

En definitiva, ollado o exposto no apartado B que se conclúe, podemos convir que NON CABE PROCESUALMENTE que sexa o debedor quen pida unha medida cautelar para asegurar os créditos dos acredores/as; cando, a mellor cautela que puido ter practicado o concursado, foi efectuar unha dilixente e correcta xestión patrimonial. É dicir, o debedor, primeiro, dinos que XESTIONOU INCORRECTAMENTE O SEU PATRIMONIO e por iso precisa que se lle autorice a restrinxir os dereitos dos acredores, por medio dun concurso; mais, simultaneamente, tamén nos di que o mellor xeito de garantir os dereitos dos ACREDITORES é PECHAR A FÁBRICA, por unha serie de riscos alleos á materia mercantil. En realidade o mellor xeito de garantir o dereito dos acredores tería sido realizar unha xestión dilixente da acción empresarial e, xustamente, pechar a fábrica non é, nen mais nen menos, que o mellor xeito de restrinxir os dereitos dos acredores/as e anticipar as consecuencias da acción de concurso, sen o preceptivo exame xudicial.

Xa se falou no punto (A) deste apartado de FD sobre a natureza das medidas cautelares, en relación coa posición procesual que ocupa o debedor e, consonte co sinalado, só podemos determinar que O DEBEDOR CARECE LEXITIMACIÓN ACTIVA PARA BENEFICIARSE DA XUSTIZA CAUTELAR, por canto esta serve aos intereses do suxeito pasivo do concurso que é o ACREDOR/A. A solicitude de medida cautelar debe ser inadmitida, por falta de lexitimación activa do debedor para formulala ou desestimada, por defraudamento de lei. Se non for pola importancia que ten este asunto para ducias de familias que están a ollar ameazados os seus medios de vida, sería até cómico deterse a debullar o defraudamento permanente que se utiliza como medio argumental por parte do VA, S.A. e do Grupo BA, S.A. Mais non hai tempo para xoldas. Unicamente, engadir para rematar este punto que os meus representados, ademais de traballadores/as, son acredores/as da VA, S.A. e do Grupo BA, S.A. e, nise sentido, non erraremos ao afirmar que detendo o FORNO DE FUSIÓN non, só non se garantiría o dereito dos meus mandantes, senón que, ao contrario, se prexudicaría gravemente, posto que serían levados a unha situación de falta de ocupación efectiva que, desembocaría na rescisión a petición propia das súas relacións laborais, con indemnizacións de 45 días de salario por anos de servizo e,

asemade, provocaría que o Estado se tivese que facerse cargo anticipadamente da cobertura do desemprego.

(C)

Imputacións falsas e inxurias como fundamento da medida cautelar solicitada:

Chegados a este punto procede analizar detidamente os "chamados", pola Dirección patronal "incidentes e actuacións promovidos polos piquetes sindicais", a meio dos que se pretende substentar a solicitude da improcedente medida cautelar e que, ao cabo, han dar lugar a varias accións en defensa da honorabilidade daqueles que están a ser suxeitos pasivos de tais imputacións.

Pois ben, imos punto por punto.(Páxina 10 a 13 da solicitude de concurso):

- "Impedir en todo momento, durante todas e cada unha das xornadas de folga, o dereito ao traballo dos empregados que quixeron acudir á empresa. Con carácter xeral, os traballadores denunciaron perante a Garda Civil estes comportamentos".

Trátase dunha imputación aos membros dos piquetes sindicais, conformados polo Comité de Folga, nun comportamento delitivo; que debe aparelar unha decisión da xuíz mercantil de dar traslado da mesma á xurisdición penal, para que, nese ámbito, se substancie e se favoreza o dereito á defensa dos acusados pola empresa, independentemente de que os prexudicados procedan tamén contra aqueles que a sosteñen por ser falsa. É moi doado facer imputacións alegres como realizan os responsábeis da V.A.,S.A. e do Grupo B.A., S.A.; o que non é tan doado é probalas. Non é de recibo efectuar tal acusación, cando en 9 meses de conflito a empresa V.A., S.A. non denunciou unha só vez ao Comité de Folga, nen a nengún por un delito contra a liberdade dos traballadores e traballadoras e, a maiores, o Comité de Folga pactou coa propia empresa en varias ocasións o funcionamento dos Servizos mínimos das folgas; chegando a ter que desconvocar as últimas medidas de presión diante dunha acción empresarial de paralización de dúas liñas de produción, ao considerala atentatoria contra o DIREITO AO TRABALLO.

- "Existencia dunha furganota da CIG á porta da fábrica con megafonía dende a cal se insultaba de forma permanente e continua ao mandos da empresa durante todas as xornadas de folga".

Igual ca anterior, esta imputación ha dar lugar a presentación da oportuna querela por ser falsa e, do mesmo xeito, se solicitará á xuíz mercantil que a translate á xurisdición penal. En todo caso, cómpre preguntarse, cómo é posíbel, se tantos foron os insultos "durante todas as jornadas de huelga", qué a empresa non formulase unha só denuncia contra a CIG por tais insultos ?.

- "Nas xornadas de folga dos días 17 e 18 de febreiro, arreboláronse multitude de pedras e ovos contra a fachada das instalacións".

Neste caso, non fará falta solicitar o traslado da imputación á xurisdición penal, porque hai tempo que os membros do Comité de Folga e da CIG, interpuxeron, por estas acusacións, querela por inxurias e calumnias perante o Xulgado de Instrución de Xinzo da Limia (D.P. PA 411/2009), contra o Responsábel de RRHH do Grupo BA, S.A. e da V.A.,S.A.: don Fernando Amilivia González. Mais, o que si cómpre reformular é a cuestión sobre por qué a Dirección da VA, S.A. e do Grupo BA, S.A., non presentaron a oportuna denuncia perante o Xulgado Penal se foron obxecto dun comportamento como o descrito ?.

- "En data 2 de Abril de 2009, desprazáronse uns 30 traballadores da fábrica e os asesores da CIG a Porto (Portugal) para manifestarse con pancartas e berros contra a empresa BA Vidro e contra a persoa do seu Presidente".

No Estado Español e en Portugal tamén, existe o que se denomina dereito de manifestación e, de certo, dentro dos seus límites, os traballadores e traballadoras da V.A., S.A., en exercicio do mesmo, participaron nun acto da central sindical portuguesa CGTP-IN na cidade do Porto, perfectamente legal: denominado "Mudar o rumbo" e que, exactamente, consistiu nunha concentración de traballadores portugueses (e algúns galegos) dirixida a formular conxuntamente os atrancos existentes no mundo do traballo. Pódese comprobar o dito con só procurar tal noticia a meio de calquera buscador da internet; mais o que trasluce con este argumento é que os directivos do Grupo BA, S.A., como veñen denunciando os traballadores unha e outra vez, descoñecen e violan o dereito de liberdade sindical e de manifestación sistematicamente. Se os traballadores da VA, S.A. no Porto cometesen algún acto delictivo, por qué, novamente, non denuncialos diante das autoridades ?????. Pois moi sinxelo, porque simplemente se trata de confundir á xulgadora con todo tipo de cuestións, mesmo aquelas que tan só constitúen o exercicio dos dereitos dos cidadáns.

- "En data 3 de Abril de 2009, dende o ordeador do sindicato CIG en Verín enviouse un correo a multitude de empregados de BA Vidro, alleos á fábrica de Vidriera del Atlántico, en el que se atacaba á dirección de BA Vidro por non ceder perante o conflito da V.A.

Mais do mesmo, quen atacaba a quen, que insultos, que inxurias, que calumnias se difundiron por ese medio ?????. Nada de nada. Fogos de artificio dirixidos á confundir e xerar unha cortiña de fume que leve á xulgadora a tomar a decisión que pretende o Grupo BA, S.A. e que, no fondo, revelan cal é o verdadeiro problema do Grupo BA: un conflito sindical, non un problema concursal. Tampouco, como é lóxico, existe denuncia algunha contra a CIG por eses "supostos e inconcretados" ataques e, do mesmo xeito, solicitarase o traslado de tal imputación á xustiza penal.

- "Na xornada de folga do día 5 de Abril tiráronse petardos ás instalacións da fábrica. Un deles prendeu lume a un dos palets de vidro, o que ocasionou un incendio. Cando se informou do sucedido ao Comité de Folga, un dos seus compoñentes, o Secretario de Organización da CIG de Verín, Manoel Anxo García Torres, colleu o petardo causante do incendio e tirouno fora das intalacións, procurando o agachamento das probas destes feitos".

Neste caso tampouco será preciso que requiramos o traslado da imputación perante a xurisdición penal, porque, abofé, foi a empresa V.A., S.A. a que formulou unha denuncia polos feitos que relata. En todo caso, cómpre salientar dúas cuestións en relación co asunto: 1ª) trátase da única denuncia que a V.A., S.A. formulou nun conflito de 9 meses contra alguén e 2ª.- A denuncia, como se demostrará no seu momento, non só é falsa, senón que procuraba obxectivos distintos á represión dun "suposto" comportamento ilegal...Só hai que ler a propia declaración de prexudicado para decatarse que as intencións do Grupo BA, S.A. e do seu Xerente en Xinzo da Limia tiñan a ver mais con controlar o exercicio do dereito de folga que con reprimir ilícito algún. Textualmente extraído da declaración de prexudicado (DP PA 193/2009 Xulgado de Xinzo da Limia):

"Que con esta denuncia no viene a reclamar por los daños materiales ocasionados, si no que lo que se denuncia es el hecho en sí de la actitud manifestada por el Comité de huelga, con el riesgo que implica este tipo de actos llegando a lanzar petardos contra los palets de las botellas.

Que de alguna manera viene a solicitar que se adopten las medidas pertinentes para que haya un control sobre el personal que secunda la huelga y sobre el propio Comité de Huelga para evitar este tipo de hechos....."

Pois ben, se tan "gravísimos" foran os danos "supostamente" ocasionados e tal o perigo provocado, por qué renunciar ao resarcimento de danos. A resposta é obvia, porque, como di o propio denunciante, o que lles preocupaba era o control da folga, non que se producise dano algún nos bens da empresa. Así ficou ratificado, posteriormente, cando a V.A., S.A. foi condenada polo Xulgado Social nº 1 de Ourense, tal e como consta no apartado de feitos deste escrito, por violar o dereito de folga (artigo 28 da CE), dos traballadores e traballadoras.

- "En data 18 de Abril de 2009, desprazáronse outros 30 traballadores da fábrica e os asesores a León, co pretexto de concentrarse e manifestarse na sede de BA Vidrio en León. Contrariamente, dita concentración levouse a cabo no centro da cidade, portando pancartas tamaño póster dos directivos da empresa que teñen o seu domicilio en León, os cais foron insultados constantemente, preferentemente o directo de recursos humanos da empresa, para logo desprazarse ao domicilio persoal de dito directivo, que se atopaba coa súa familia na vivenda, para insultalo e ameazalo, co que se facían patentes as ameazas de que foi obxecto en varias reunións previas cos representantes do sindicato CIG (D.P. 1532/2009 do Xulgado de Instrución nº 3 de León)

Temos unha variante das imputacións anteriores. Por unha banda, acúsase aos traballadores/as á CIG e ao Comité de Folga de manifestarse no centro de León; acto que estaba comunicado, como é preceptivo, á Subdelegación do Goberno en León e que non supuxo en todo o seu desenvolvemento, malia a forte presenza policial nen un só incidente, nen unha soa detención. Por outra banda, impútanse aos participantes e á CIG a comisión de ilícitos de ameazas e insultos, tanto en León, como en reunións previas. Xa que logo, procederemos do mesmo xeito que deica o momento; peticionando á xuíz mercantil que poña as imputación en coñecimento da xurisdición competente, porque, malia a referencia a unhas dilixencias previas abertas en Leon, esta parte descoñece actuación algunha na súa contra.

- "Na xornada de folga do 2 de xullo, catro mandos da fábrica que saían cos seus vehículos foron interceptados á porta da mesma por parte dos traballadores e dos seus asesores sindicais, momento no que aproveitaron para situar na zona de rodadura dos pneumáticos uns cravos de tres pontas de grandes dimensións que inutilizaron as viaturas ao reanudar a marcha (D.P. 355/2009 do Xulgado de Instrución de Xinzo).

Nengún dos meus representados, nen os asesores sindicais da CIG constan denunciados, malia a referencia que se fai a unhas dilixencias previas e, moito menos condeados pola imputación que se realiza. Nen sequer, tiñan coñecimento ou notificación de que se abrisen as dilixencias que se sinalan. En todo caso, ademais de negar conduta ilícita algunha, procederemos no seu momento contra os responsábeis de tais imputacións en defensa da honorabilidade dos traballadores e os seus asesores.

- "En data 10 de xullo do 2009, iníciase o primeiro comunicado da empresa na que se procede ao outorgamento dun total de 42 categorías profesionais aos traballadores/as da fábrica, con efectos de xuño do 2008. Na comunicación efectuada ao comité de empresa manifestouse a súa "non conformidade" con dita decisión da empresa".

Eiqué vale todo...Resulta que a discrepancia tamén vale para fundamentar o risco que corren as instalacións e as persoas e, en base a ela, peticionar a paralización do forno. Naturalmente que os traballadores e o comité de folga estiveron desconformes con tal outorgamento. Por dous motivos: a) porque se violou o dereito de negociación colectiva.

Tiñan os representantes sindicais dereito á negociar á materia e, precisamente, ise fora un dos motivos da longa folga convocada e b) porque tal outorgamento só abrangía a 42 persoas, cando debía estenderse a mais de 100 traballadores e traballadoras.

Curioso perigo para a actividade, o derivado da lexítima discrepancia laboral.

- "En data 13 de xullo do 2009, formulouse polo sindicato CIG o revogamento dos membros do Comité de Empresa en representación de CCOO e CSIF por non apoiar o mantemento das xornadas de folga. A raíz deste proceso de revogamento interpúxose ademais polo devandito sindicato unha querela criminal contra o Secretario Xeral de CCOO de Galiza e contra o asesor da CSIF en Ourense.

Outravolta, un "terrible" risco para o forno de fusión este argumento. A xuízo dos representantes da V.A.,S.A. non se pode exercitar o dereito a tutela xudicial efectiva porque iso é "altamente" perigoso para as instalacións de Xinzo da Limia.

- "A mediados de xullo de 2009 aparecen varias pintadas pola localidade de Xinzo da Limia e na zona da fábrica nas que se inxurian aos mandos da fábrica e aos membros do Comité de Empresa doutros sindicatos alleos á CIG".

Requirirase o traslado desta imputación á xurisdición competente que non é a mercantil.

- "O 27 de Xullo de 2009, unhas 20 persoas entre traballadores e asesores sindicais da CIG maniféstanse vestidos como presos de Guantánamo, con monos de cor laranxa e coas caras tapadas con pasamontañas, perante os Xulgados de Ourense e sob o lema: somos todos iguais perante a lei ?. A súa protesta era consecuencia dun fallo xudicial que desestimaba a súa propia demanda en reclamación para o mantemento do plus por realización de horas extras e os horarios fixados pola empresa para evitar o exceso de xornada".

É esperpéntico que se poida fundamentar unha solicitude cautelara de paralización dun forno que levará a mais de 140 familias ao desemprego en argumentacións como esta última. Cal é o ilícito de manifestarse ????. Cal é o perigo para o forno de fusión ????. Como saben que eran membros da CIG e traballadores/as se ían coa cara tapada ????. Resulta cando menos triste ter que soportar un PECHE EMPRESARIAL por exercer o dereito de liberdade de expresión.

- "En data 22 de Outubro do 2009 lévase a cabo unha convocatoria de folga para o día 30 de Outubro, cuxa finalidade é realizar unha nova concentración perante a porta do Pazo de Xustiza de Ourense con motivo da celebración de dous xuízos por despedimento da empresa, folga que é desconvocada o día previo a ter coñecimento da suspensión dos citados procedimentos".

Alguén da concursada debería aclarar ao Xulgado e ás partes cal é o perigo para o forno, deducido desta denuncia tan grave.

E así remata un relatorio de feitos que constitúe, simplemente, un compendio de imputacións falsas, inxurias e, mesmo, acusacións ideolóxicas que é conectado, con mala fé e intencionadamente, por parte dos administradores da empresa concursada con accións, unhas legais e outras inexistentes, dos representantes dos traballadores/as, da CIG e, en definitiva, dos propios traballadores e traballadoras, co obxecto de inocular na xulgadora unha idea de estado de sitio en Xinzo da Limia, "cuase de guerrilla urbana", para conducila a ditaminar ela mesma o pechamento da fábrica e con el o do medio de vida de mais de

140 familias; eludindo na práctica o control xurisdicional que supón o desenvolvemento da canle concursal.

Así de claro e o din os Administradores da Empresa na súa solicitude de concurso (páxina 13):

“En base a estes precedentes, o meu mandante non pode garantir cal será a reacción destes piquetes sindicais unha vez que o concurso adquira publicidade e notoriedade na comarca, existindo un alto índice de probabilidades de que poida producirse unha “ocupación” das instalacións que poida afectar ao axeitado funcionamento do forno de fusión, situación que por outra banda xa tivo lugar no pasado recente”

A ocupación das instalacións representa un atentado contra o dereito ao traballo e pode constituír un delito contra a liberdade dos traballadores e traballadoras....Se alguén “no pasado recente” ocupou as instalacións da V.A., S.A., por qué non foi denunciado pola Dirección da Empresa ????...Novamente, unha gravísima imputación falsa que debe dar lugar a que a xulgadora mercantil a translade á xurisdición penal, para que se depuren as responsabilidades que couberan e que, de certo, implicará que os meus mandantes e a CIG formulen as correspondentes accións penais, de parte, contra este tipo de acusacións, como veñen facendo cada vez que se consideran calumniados ou inxuriados pola Dirección da Empresa.

(D)

Procedimento da empresa para casos de ausencias prolongadas, pactos de servizos mínimos, etc.

A má fe da Dirección empresarial, sinalando non poder garantir o normal funcionamento da empresa e, consecuentemente, os dereitos dos acredores/as, en función dunha “sorte” de hostigamento provocado “suposta e paradoxalmente” por algúns dos seus propios acredores/as: os traballadores; non só se deduce da falsidade das súas imputacións, senón que tamén se pode acreditar a meio das súas interesadas contradicións técnicas. A saber:

Alegación segunda do escrito de solicitude de medida cautelar rexistrado no Xulgado o día 16/12/09 (Procedimento específico de baleirado de fornos):

“.....

1) El vaciado del horno en la forma interesada podría permitir su futura puesta en funcionamiento, reiniciándose así nuevamente la actividad productiva. Sin embargo, su interrupción de cualquier otra forma que no siga los procedimientos establecidos en el protocolo de actuación que se acompaña como Documento nº 1 al presente escrito, impediría su reutilización y podría llevar aparejados graves riesgos para las personas y las instalaciones donde se halla ubicado.”

Comunicación de Fernando Amilivia González (Director de RRHH do Grupo BA Vidrio, S.A.) dirixida ao Comité de Folga da Vidreira en Xaneiro do 2009 (Procedimento técnico interno de xestión para casos de absentismo grave):

“.....

Que en dicha reunión la Dirección de la Empresa puso en conocimiento del Comité los presupuestos técnicos mínimos que garantizan la seguridad y conservación de una fábrica de vidrio, sobre la base de que la instalación deberá mantener la actividad de fabricación y flujo del vidrio a través de la permanencia en marcha de las máquinas de moldeo y conformación de botellas. Este requisito se dejó de manifiesto por parte de la Empresa, como único modo de garantizar la estabilidad del horno y del propio flujo de vidrio que resulta necesario, si bien dejando, también de manifiesto, que la producción resultaten sería destruída y utilizada como calcín.....”

Pois ben, dúas cuestións fican probadas, á vista do exposto:

1ª.- Que pechar o forno de fusión equivalería a pechar a fábrica e, de nengunha maneira, se podería garantir a súa viabilidade futura, malia o interesadamente sinalado agora polos Directivos do Grupo BA Vidrio, S.A., no que atinxe a unha tan "suposta" como "impracticábel" reversibilidade da parada da máquina; fronte ao determinado, no seu día, no procedemento interno para continxencias de absentismo, a meio do que, claramente, se dispuxo que "o funcionamento do forno é o único xeito de garantir a estabilidade do forno".

A maiores temos de significar, neste apartado, que o que realmente prexudicaría á masa do concurso sería a paralización do forno, ao contrario do que manifesta á solicitante, por canto con tal parada tamén se suspenderían as producións de botellas e con elas a posibilidade de venda dos produtos elaborados no mercado e, consecuentemente, de xeración de plusvalías e diñeiro líquido co que manter a normalidade laboral durante a substanciación do procedemento.

2ª.- Que a "**reacción dos piquetes sindicais unha vez que o concurso adquiriu publicidade e notoriedade na comarca**", non supuxo a acción delitiva "premonizada" pola Dirección do Grupo BA, S.A.: "a ocupación das instalacións". Tras mais de 15 días de terse feito pública nos medios de comunicación a presentación da demanda concursal polo Grupo BA, nen houbo piquetes sindicais que tentaran ocupar nada, nen sequer os podía haber, porque para que estes existan debería terse convocado unha folga que non se convocou. O único que os traballadores tiñan e teñen necesidade de ocupar son os seus postos de traballo, para poder vivir dignamente, como veñen tentando desque se establecera a empresa en Xinzo da Limia.

(E)

Accións dos traballadores e Comité de Empresa que acreditan a súa actuación en defensa do patrimonio empresarial.

Ao contrario do agoirado, case profetizado, polos directivos do Grupo BA Vidrio, os traballadores/as de Xinzo da Limia, non só non están dispostos a pór en risco os bens da factoría, senón que nunha o estiveron; levando a cabo todo tipo de accións dirixidas a preservar os medios de produción, mesmo algunhas encamiñadas a preservalos de decisións irresponsábeis de certos directivos do propio Grupo BA Vidrio, S.A. que, como agora, levan tempo procurando unha escusa que os habilite para tomar unha decisión irreversible para a continuidade da industria e do emprego. Cómpre, en orde a avalar o exposto, enumerar algunhas actuacións emprendidas polos propios traballadores e traballadoras da fábrica, renunciando ao exercicio dos seus dereitos fundamentais, para preservar a capacidade produtiva:

- 5 de Febreiro do 2009, páctanse os servizos mínimos na empresa, malia seren desproporcionados e abusivos (60%), aos únicos efectos de evitar todo tipo de risco para as instalacións.
- Dende o inicio do conflito realizáronse inspeccións por parte do Comité de Folga en todas as xornadas de folga, do interior da factoría a efectos de garantir a seguridade dos bens e das persoas.
- O 26 de Xuño do 2009 o Comité de Folga denuncia perante a Subdelegación do Goberno, a Delegación Territorial de Traballo e a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galiza a imposición unilateral, en plena folga, dun PECHE PATRONAL ILEGAL, por parte da Dirección da empresa....Solicítase, textualmente:

"Que ao seguir adiante a Vidreira do Atlántico, S.A. co seu plantexamento de paralización de dúas liñas de produción e negarse a negociar, procede a intervención das autoridades, a efectos de previr e, no seu caso, corraxir as decisións da Dirección da Empresa que, consonte cos procedementos internos da propia patronal, poden aparellar un grave risco para a seguranza de persoas e bens, así como unha vulneración dos dereitos fundamentais dos traballadores".

- O 4 de Xullo do 2009 o Comité de Folga óllase na obriga de desconvocar a folga que se viña desenvolvendo, pola acción da empresa contra o dereito ao traballo, impedindo de facto a todos os operarios que así o desexasen o exercicio de tal dereito. Textualmente:

“A CIG advertiu en varias ocasións á Dirección da Empresa que, se a resposta á convocatoria de folga, era un pechamento patronal agachado, os convocantes ollaríanse na obriga de desconvocar a medida de presión, para evitar os prexuízos que a actitude da patronal podía causar ao corazón da fábrica: o forno.....

A acción da patronal non pode ser mais que cualificada de má fe e contra o dereito de folga e, nise senso, será a xustiza a que deba ordear o reestabelecimento da situación e declarar o dereito dos folguistas a ser resarcidos e indemnizados pola empresa, dada a violación do dereito de folga que os obrigou a ter que desconvocar a medida de presión. Hai un dado que é incontestábel e que revela o deica agora dito. A dirección empresarial, tan preocupada ela pola actitude dos folguistas e polas perdas da medida de presión, sen embargo co pechamento de dúas liñas de produción IMPEDIU DE FACTO O DIREITO AO TRABALLO a todos aqueles que podían desexar exercer ise dereito.....Como é posíbel que acuse aos folguistas das enormes perdas causadas pola medida de presión e, porén, se impoña un pechamento de dúas liñas de produción que, ademais de violar o dereito de folga, impiedie tamén o dereito ao traballo ?.”

Non cabe de nengún xeito acusar de pór en risco a continuidade do proxecto empresarial e os bens da empresa, a quen renunciou, mesmo, ao exercicio dos seus dereitos fundamentais; efectuando tal desistencia para protexer os bens, a fábrica e a continuidade do proxecto industrial das accións dunha patronal, mais interesada en facer demagogia e propaganda que en viabilizar a sociedade.

(F)

Obxectivos e consecuencias reais da petición cautelar. Adiantamento do Peche empresarial, contra a normalidade laboral. Falta de ocupación efectiva dos traballadores/as da fábrica.

En base ao exposto non é difícil deducir os reais obxectivos da Dirección do Grupo BA, S.A.: o peche anticipado da fábrica de Xinzo da Limia e o traslado da súa actividade á fábrica que o Grupo BA Vidrio, S.A. ten na cidade de León ou noutras. Mais sobre tais circunstancias afondaremos nos fundamentos do Recurso de Apelación que formularemos contra o Auto de declaración do Concurso, así como na acción de nulidade que tamén presentaremos no marco do expediente concursal. Con todo, é transcendente avanzar que o obxectivo perseguido polo Grupo BA, S.A. percorreu un determinado camiño dende a merca da empresa V.A., S.A. en Xuño do 2008, deixando rastros ben patentes das intencións da multinacional vidreira:

* O Grupo BA Vidrio, S.A. mercou en xuño do 2008 á V.A., S.A. xunto co Grupo portugués ao que pertencía: Sotancro, nunha situación de perdas económicas, no conxunto dos anos da súa vida, aínda que con certos beneficios nos dous últimos exercicios.

* O Grupo BA Vidrio, S.A. nomeou como Administradores da VA, S.A., aos mesmos administradores da institución supraempresarial. O Director Xerente da VA, S.A. é hoxe o día que se mantén na nómina do Grupo BA Vidrio, S.A., así como o resto do cadro directivo.

* O Grupo BA Vidrio, S.A., percorridos dous meses da merca da Vidreira de Xinzo, nen removeu formalmente as perdas e débedas arrastradas, nen iniciou un concurso de acredores/as; concedeu un estraño préstamo de uns 4.000.000 de euros á VA, S.A. que, curiosamente, representa unha cifra próxima á que, por fusión ou absorción, tería que pór o Grupo BA Vidrio, S.A. para equilibrar económica e financeiramente a empresa limiá.

* O Grupo BA Vidrio, S.A. coñeceu a situación económica e patrimonial da sociedade Vidreira do Atlántico, S.A. e, no mes de Xaneiro do 2009, afirmou publicamente que quería que a VA, S.A. tivese futuro. A auditora da VA, S.A. informou por escrito, no exercicio 2008, da seguinte situación: “los capitales propios representan menos de la mitad del capital social (49%)”.

* O Grupo BA Vidrio, S.A., no mes de Xaneiro do 2009 e sucesivos, comezou a ameazar aos traballadores/as con pechar á fábrica de Xinzo da Limia porque, literalmente: "só supón o 5% do negocio total do grupo".

* O Grupo BA Vidrio, S.A., tamén en Xaneiro do 2009, decidiu, unilateralmente, suprimir as horas extras que deica o momento se lle impuñan a todos os traballadores/as; sen instaurar, malia publicalo, a 5ª quenda de produción; atentando contra a actividade da fábrica de Xinzo, ao reducir de facto o traballo de 20 operarios/as ao ano, unha liña de produción enteira.

* O Grupo BA Vidrio, S.A., no mes de Febreiro do 2009 despidiu a 3 traballadores do Departamento Comercial da VA, S.A. e desmantelou o citado Departamento, pasando a facer depender as compras e vendas da VA, S.A. da Dirección do Grupo BA en León.

* O Grupo BA Vidrio, S.A., no mes de Xuño do 2009, en pleno desenvolvemento dunha convocatoria de folga, decidiu, contra os seus procedimentos internos, paralizar 2 das 3 liñas de produción dispoñíbeis na factoría limiá; obrigando a todos os operarios en folga a reanudar a actividade, perante o risco de inutilización do forno de fusión provocado pola acción empresarial.

* O Grupo BA Vidrio, S.A., no mes de Xullo do 2009, decidiu a suspensión da actividade nunha liña de produción (20 traballadores/a), coa escusa da existencia, naquel momento, de almacenar un stock de mais de 20.000 toneladas de botellas. Na práctica a actividade da V.A., S.A., con esta decisión, ficou reducida á metade da que mantiña no mes de Xaneiro do 2009, antes da supresión das horas extras.

* O Grupo BA Vidrio, S.A., tamén en Xullo do 2009, tentou desmontar o Taller de Moldes da VA, S.A. despedindo a 2 dos seus 5 mecánicos; sen conseguilo ao ser declarado nulo o despedimento por violación do dereito de folga dos operarios. A readmisión dos traballadores foi recurrida e a Dirección do Grupo preferiu seguir pagándolles, exonerándoos da obriga de traballar.

* O Grupo BA Vidrio, S.A., a primeiros de Setembro do 2009, deu orde de que se baleirasen os armacéns da VA, S.A., con destino descoñecido, reducíndose, hoxendía, o stock dunhas 30.000 toneladas a 10.000 toneladas.

* O Grupo BA Vidrio, S.A., ao mesmo tempo que aseguraba ter un stock de produto para 7 meses, acusou, no mes de Outubro do 2009, ao Comité de Empresa e á CIG de xerar inestabilidade no subministro de pedidos, que provocaba cancelacións, por falta de produción.

* O Grupo BA Vidrio, S.A., no mes de Outubro do 2008, reduciu o seu capital social, por desequilibrio patrimonial, empregando a contabilidade do ano 2008.

* O Grupo BA Vidrio, S.A., a meio do seu Director Xerente, nos mes de Novembro do 2009 presentou o concurso de acredores/as e comezou a retirar toda a simboloxía do Grupo BA Vidrio, S.A. das instalacións da VA, S.A., chegando a desconectar os terminais de ordenador os sistemas informáticos que estaban conectados en rede coa central do Grupo en León e que, na práctica, inviabilizan as mercas e vendas da VA, S.A., ao ser totalmente dependente do Grupo BA Vidrio, S.A.

* O Grupo BA Vidrio, S.A., solicita ao Xulgado Mercantil, baixo a aparencia dunha medida cautelar imposíbel, a paralización do forno de fusión que aparelaría a paralización da actividade e a colocación do persoal en situación de FALTA DE OCUPACIÓN EFECTIVA.

Pois ben, este é o tránsito percorrido pola Directiva dun Grupo multinacional que, á súa vez, é a Directiva da sociedade en concurso. As consecuencias da súa acción son simples: o traslado da produción da Vidreira do Atlántico, S.A. a outras factorías do Grupo BA Vidrio S.A. e o peche da factoría limiá co mínimo custe posíbel para a entidade supraempresarial. Iso si, todo revestido baixo a aparencia dunha insolvencia que, en realidade, foi mantida, sostida e procurada pola propia Dirección do Grupo BA Vidrio, S.A. que nen sequer achegou ao procedemento o preceptivo PACTO SOBRE POLÍTICA DE CUSTES das empresas que conforman o Grupo, a efectos de dar cumprimento a lexislación en materia de operacións vencelladas...Un exemplo abonda para comprender a necesidade

deste requisito legal.....Non sendo público nen coñecido o citado Pacto de custes entre as empresas do Grupo, quen pode garantir que unha sociedade, como V.A.,S.A., venda a prezo de mercado ao seu Grupo (Grupo BA) e, xa que logo, se lle transfira a parte que lle corresponde da plusvalía e do beneficio das operacións ????. Ou dito doutro xeito, como se pode asegurar, sen pacto de custes, que o Grupo BA Vidro, S.A. non é o destinatario dos beneficios das operacións vencelladas e a sociedade V.A., S.A. a receptora das perdas dunha actividade realizada por baixo dos prezos do mercado ????. Cos antecedentes expostos: dirección única, venda case en exclusiva ao propio grupo, organización única, ausencia de departamento comercial, dependencia financeira do grupo etc....todo indica que os beneficios do Grupo BA Vidro, S.A. teñen moito a ver coas perdas da sociedade Vidreira do Atlántico, S.A., así como coa ausencia dun pacto claro e transparente sobre custes; ao constituír a sociedade limiá tan só unha aparencia formal de empresa autónoma, subxugada pola realidade directiva e organizacional do Grupo BA Vidro, S.A.. Mais isto deixáremolo para acción anunciada.

En base ao exposto,

SUPlico AO XULGADO que, presentado este escrito, coas súas copias e documentos que se achegan, o admita e, tendo por formulada OPOSICIÓN á medida cautelar solicitada, resolva, no seu momento, inadmitila por falta de lexitimación activa do solicitante ou, subsidiariamente, desestimála por non darse nengún dos presupostos establecidos pola Lei de Xuizamento Civil para conceder tal beneficio cautelar ao debedor (*periculum in mora, fumus bonis iuris, interese xeral*), así como por constituír unha petición, en defraudamento de lei, dirixida a adiantar o pechamento da fábrica Vidreira do Atlántico, S.A., antes de que se proceda ao exame xudicial do procedemento concursal instado, baixo a aparencia dunha impropria cautela "supostamente" reversíbel.

OUTROSÍ DIGO 1º: Que dacordo co disposto nos artigos 721 a 747 da vixente Lei de Xuizamento Civil, interesa ao dereito dos meus mandantes, para o aseguramento dos seus créditos recoñecidos, así como daqueles que se xeren durante a substanciación do procedemento concursal, **se acorden polo Xulgado de 1ª Instancia nº 4 de Ourense as seguintes medidas cautelares:**

I.- Que se trabe embargo mensual sobre os líquidos, bens e/ou dereitos do Grupo BA, Vidro, S.A., na cantidade mensual suficiente para atender o custe salarial do cadro de persoal da Vidreira do Atlántico, S.A. de Xinzo da Limia, a data 30/11/09, dacordo coa existencia dunha única realidade empresarial, baixo a aparencia de dúas formas xurídicas distintas, así como da falta de dilixencia de ambas sociedades que, coñecendo a situación económica da V.A., S.A., agardaron mais de 1,5 anos para iniciar este procedemento.

II.- Que se trabe embargo mensual sobre os líquidos, bens e/ou dereitos do Grupo BA Vidro, S.A. na cantidade económica suficiente para atender a venda das producións xeradas en cada un deses períodos pola Vidreira do Atlántico, S.A., a meio das súas dúas liñas de produción, a un rendimento do 80%, tal e como se viña facendo darreo polo Grupo BA Vidro, S.A., encargado de comercializar o 100% das producións da Vidreira do Atlántico, S.A.

A produción xerada polas dúas liñas da Vidreira do Atlántico, S.A., a un 80% de rendimento, ascende mensualmente a cifra de 2400 toneladas de vidro elaborado (100 toneladas/día * 80% = 80 toneladas días. 80 Tns * 30 días = 2.400 Tns. mes). Se temos en conta o prezo medio dun kg. de vidro elaborado, estaríamos a falar de **6.513.600** euros (2400 * 1000 = 240000 kg. 240000 kgs * 2,714 €/kg = 6.513.600 euros).

- Prezo promedio por 1 palet ano 2007: 350,00 €
- Peso de 1 palet grande: 900,00 kgs.
- Valor aproximado de 1 kg. de vidro: 900 kg/ 350 € = 2,714 €/kg de vidro

Non pode esquecernos que, sendo o Grupo BA Vidrio, S.A. o comprador/comercializador exclusivo das producións da Vidreira do Atlántico, S.A.; tendo desmantelado a Dirección do mesmo Grupo o departamento comercial da sociedade concursada, por medio da centralización de compras e vendas na sede de León e, finalmente, propoñéndose pola concursada, na súa solicitude de medida cautelar (páxina 4), o mantemento dos contratos de traballo, é dicir asumíndose o pagamento dos salarios mensuais dos traballadores/as; procede, dacordo coa realidade empresarial única existente e que no seu momento se acreditará, trabar embargo nos bens, dereitos e líquidos do Grupo BA Vidrio, S.A. na cantidade de 6.513.600 euros mensuais, ou cantidade que mais precisamente se determine, en orde a asegurar a comercialización e venda do produto elaborado da V.A., S.A. e, consecuentemente, o normal funcionamento da empresa, a efectos de xerar os líquidos precisos para o mantemento da sociedade e o afrontamento de débedas durante a substanciación do concurso.

OUTROSÍ DIGO 2º: Que dacordo co disposto nos artigos 40.3 e 4 da Lei Concursal, veño solicitar, no nome e representación dos meus mandantes, a suspensión das facultades de administración e disposición do seu patrimonio, atribuídas ao debedor no Auto de admisión do concurso, así como a súa asignación aos administradores concursais; en base ás propias manifestacións expresadas polo debedor na solicitude de medida cautelar, desentendéndose da responsabilidade adxudicada. Textualmente:

Páxina 3 da solicitude rexistrada o 16/12/09: *“En base a estos precedentes, mi mandante no puede garantizar cuál será la reacción de estos piquetes sindicales una vez que el concurso adquiera publicidad y notoriedad en la comarca, existiendo un alto índice de posibilidades de que pueda producirse una “ocupación” de las instalaciones que pueda afectar al funcionamiento del horno de fusión, situación que por otra parte ya ha tenido lugar en el pasado”.*

Páxina 4 da solicitude rexistrada o 16/12/09: *“Por último, se quiere dejar expresa constancia a través del presente escrito que el órgano de administración de la mercantil “Vidriera del Atlántico, S.A.”, al promover la medida interesada, da cumplimiento a los deberes que en el ejercicio de su cargo le viene impuesto por la legislación aplicable, sin que le pueda resultar exigible responsabilidad alguna por aquellos daños y perjuicios a las cosas y/o a las personas que puedan generarse en el futuro por la no adopción de la medida expresamente interesada”.*

OUTROSÍ DIGO 3º: Que interesa ao dereito desta parte se adopten as seguintes medidas para completar o procedemento concursal e para o aseguramento dos créditos dos meus mandantes:

1º.- Que se solicite informe aos Administradores da sociedade Vidriera del Atlántico, S.A. sobre o paradoiro de 20.000 toneladas de vidro elaborado que se deslocalizaron dos armacéns da fábrica nos últimos dous meses.

2º.- Que se solicite informe aos Administradores da sociedade Vidriera del Atlántico, S.A. sobre as razóns do cambio de simboloxía interna na fábrica de Xinzo da Limia, así como a desconexión dos sistemas informáticos do Grupo B.A. Vidrio, S.A.

3º.- Que se requira aos administradores da sociedade e concursais para que procedan ao cambio inmediato da fita transportadora que subministra area e materias primas ao forno de fusión, dado que o seu lamentábel estado de conservación provoca un iminente risco de ruptura e, de acontecer, de paralización do forno de fusión por falta de alimentación de materias primas.

4º.- Que se requira aos administradores da sociedade concursada para que acheguen ao procedemento o acordo de política de custes subscrito, ou que debería terse subscrito, entre as distintas sociedades do Grupo BA, en orde a garantir que a sociedade

dominante (Grupo BA Vidrio, S.A.) non estrangule ás dependentes (Vidriera del Atlántico, S.A.)

5º.- Que se requira aos administradores das sociedade concursada para que acheguen ao procedemento concursal o contrato orixinal de préstamo suscrito pola V.A., S.A. e o Grupo B.A. Vidrio, S.A., así como o contrato orixinal de préstamo suscrito pola V.A., S.A. e a sociedade Holvenespa, S.L.

6º.- Que se requira á sociedade Holvenespa, S.L., dependente do Grupo BA Vidrio, S.A. para que achegue aos autos a contabilidade dos seus últimos cinco exercicios pechados.

7º.- Que se requira ao Grupo BA Vidrio, S.A. para que achegue aos autos a contabilidade dos seus últimos cinco exercicios pechados.

8º.- Que se requira á empresa V.A., S.A. e ao Grupo B.A Vidrio, S.A., para que acheguen ao procedemento todos os documentos mercantís e contábeis derivados da compra polo Grupo BA Vidrio, S.A., do Grupo Sotancro e da empresa Vidreira do Atlántico, S.A. en xuño do ano 2008, co gallo de comprobar en que termos se realizou a adquisición da sociedade concursada e en que situación económica e patrimonial..

OUTROSÍ DIGO 4º: Que interesa ao dereito desta parte, dacordo coas argumentacións dadas polos administradores da Vidreira do Atlántico, S.A. na fundamentación da solicitude de medida cautelar, en relación co sinalado no corpo deste escrito sobre a carga ilícita de tal fundamentación, que o xulgado ao que me dirixo, consonte co disposto no artigo 40 da Lei 1/2000, de 7 de Xaneiro, de Axuizamento Civil, poña en coñecimento do ministerio fiscal ou do Xulgado de Instrución que corresponda tais imputacións e acusacións por se houber lugar ao exercicio de accións penais de oficio.

É xustiza que pido en Ourense, a 22 de Decembro de 2009
Asdo. Alba Arrizado Mosqueira